



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 03/2014-06/03/2014

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 03/2014 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Casa da Cultura

Data: 06.03.2014

Hora de convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.05 h

Hora de remate: 22.44 h

ASISTENTES

Fernando Gutián Gutián (alcalde), presidente

Patricia Durán Pérez (concelleira do grupo municipal do PP), vogal

Jesús Salgueiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Carlos Lameiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Juan Carlos González Camesella (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Paula Bouzós Barros (concelleiro da grupo municipal do PP), vogal

Juan Francisco Ferreira González (concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal

Ana Isabel Francisco Santos (concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal

Natalia Sofía Salgueiro Hermida (concelleira do grupo municipal do C.D.L), vogal

José Ignacio Troncoso Quintas (concelleiro do grupo municipal do C.D.L), vogal

Manuel Gómez González (concelleiro do grupo municipal MIXTO), vogal

Xosé Antonio Araújo Quintas (concelleiro non adscrito), vogal

Pauliño del Río Iglesias (concelleiro non adscrito), vogal

Maria Fátima Rodríguez Áreal (concelleira non adscrita), vogal

Maria Luisa Tareixa Uxía Varela Nogueiras (concelleira non adscrita), vogal


Emilio Enrique García Crego (concelleiro non adscrito)

Eladio Costas Pererira (concelleiro non adscrito)

Elena Ares Salgado, secretaria acctal. do Concello

ORDE DO DÍA

1. Aprobación das actas anteriores do 05/12 e do 16/01 de 2014 (núm. 15/13 e núm. 01/14 respectivamente)
2. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E A REALIZACIÓN DE OBRAS NO CONCELLO DE GONDOMAR.
3. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE GONDOMAR.
4. Modificación de Créditos nº 01/2014 na modalidade de Transferencia de Créditos.
5. Modificación das ordenanzas fiscais relativas á expedición de documentos administrativos, licenzas, comunicacións previas e declaracions responsables relativas a obras e actividades.
6. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e derogación da anterior ordenanza fiscal relativa a dito prezo público.
7. Dación de conta ao Pleno do Concello da aprobación da liquidación do orzamento xeral de 2013 por resolución do Alcalde do 28/02/2014.
8. Dación de conta do informe de seguemento do plan de axuste do ano 2013.
9. Dación de conta da execución trimestral de entidades locais (4º trimestre de 2013).
10. Fiscalización e control dos órganos de goberno.
 - a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende o número 01/2014 de 02 de xaneiro ata 232/2014 de 12 de febreiro.
 - b. Mocións
 - c. Rogos e preguntas





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

O Presidente declara aberta a sesión ás 20 horas e 5 minutos ao atoparse reunidos todos os convocados dende a citada hora de acordo coa relación que figura no encabezamento da presente acta.

1. Aprobación das actas anteriores do 05/12 e do 16/01 de 2014 (núm. 15/13 e núm. 01/14 respectivamente)

Pola Presidencia dáse conta das actas indicadas no encabezamento deste punto.

Non producindose ningunha intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO DA ACTA 15/13

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a acta da sesión nº 15/13 de data 5 de decembro de 2013.

VOTACIÓN E ACORDO DA ACTA 01/14

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a acta da sesión nº 01/14 de data 16 de xaneiro de 2014.

2. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES E A REALIZACIÓN DE OBRAS NO CONCELLO DE GONDOMAR.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de data 03.03.2014, que literalmente di:

Vista a Proposta do Alcalde do 27/02/2014 que literalmente di:


O pleno do Concello de Gondomar aprobou no ano 2012 unha ordenanza reguladora da intervención municipal nas licenzas de apertura municipais, declaracións responsables e comunicacións previas. A data de hoxe, este concello vese na necesidade de axustar dita ordenanza municipal do ano 2012 á nova Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Esta lei establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de maneira plena e efectiva a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade.

Coa asistencia do servizo xurídico municipal, elaborouse unha ordenanza reguladora de dita materia, para que as persoas interesadas no exercicio de actividades ou a realización de obras teñan claro qué procedemento seguir ante a administración, acordo coa lexislación vixente, así como a documentación que debe presentarse xunto a cada solicitude.

O día 20/02/2014, o texto elaborado someteuse a informe do arquitecto municipal.

Mediante informe do 24/02/2014 o arquitecto municipal fai unha serie de recomendacións e advertencias en relación á ordenanza proposta. Dito técnico advirte dunha serie de errores na redacción da ordenanza proposta que foron emendados, e propón unha serie de cuestións técnicas que foron incluídas no texto inicialmente proposto. Por outra banda o arquitecto municipal propón que non se aprobe a ordenanza proposta por canto é precipitado e imprudente, xa que se prevé un desenvolvemento normativo de dita lei, entre outros motivos.

Nembargantes, este goberno ve necesario aprobar dita ordenanza xa que a lexislación vixente na materia é complexa e o propio art. 25 da lei 9/2013 establece que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

A figura prevista na lexislación vixente para regular un municipio ditos procedementos é a ordenanza ou regulamento. No caso de que sexa necesario modificar posteriormente dita ordenanza por motivos legais ou por mor de novas necesidades, efectuarase dacordo cos procedementos legalmente establecidos.

Polo exposto, ao abeiro do establecido polo art. 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, propoño ao pleno deste concello a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da intervención municipal no desenvolvemento de actividades e á realización de obras no Concello de Gondomar.
2. Abrir un período de información pública e audiencia aos/as interesados/as por un prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte á publicación deste acordo no BOP de Pontevedra, para a presentación de reclamacións e suxerencias.


A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros (05 votos a prol: 04 dos membros do grupo municipal do PP e 01 do membro do grupo municipal do CDL, e 05 abstencións: 01 do grupo mixto, 01 do membro do grupo municipal do PSOE e 03 dos concelleiros non adscritos).

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, grazas a todos pola presenza hoxe aquí, sobre este punto de aprobación inicial da ordenanza o Partido Socialista vai a absterse e vai a estudar con detenimento esta ordenanza e vai a aportar se é necesario as alegacións que estimemos axeitadas e sobre todo imos absternos porque entendemos que en base ao informe técnico do arquitecto municipal que di que é moi precipitado e bastante imprudente pensar na aprobación dunha ordenanza destas características así como que é deficiente e confusa a argumentación aquí reflectida e que ademais é un municipio que non ten planeamiento xeral o cal nos xera para tomar un posicionamento firme por certas dúbidas ao respecto, imos a absternos, estamos de acordo co obxecto e coa finalidade desta ordenanza pero imos a absternos neste punto e imos aportar dalgunha maneira e positivamente datos a ela para que sexa, se procede, aprobada no seguinte pleno. Grazas.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos e a todas, imos ver, eu neste punto tamén me vou a abster, en principio esta é unha aprobación inicial e segundo o informe do arquitecto do Concello, do técnico, pois que ten as súas dúbidas, as súas lagunas e ante as reticencias del estudiálo ben e mirar o informe do arquitecto neste caso e despois xa o miraremos cando sexa a aprobación definitiva, neste caso voume abster. Nada máis, moitas grazas.

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde. En principio nós votamos en falta un informe da Secretaría do Concello a respecto da legalidade da proposta de Alcaldía porque o único informe que consta no expediente é un informe do arquitecto municipal para traer esta aprobación inicial desta ordenanza reguladora, e claro, traer a pleno un tema da complexidade como é esta e sen un informe da Secretaría Xeral do Concello e cun informe do arquitecto municipal que di cousas realmente, non o sei, preocupantes por dicilo de forma suave, resúltanos cando menos sorprendente, o arquitecto municipal emite un informe de data do 24 e di o seguinte "entendo que é moi precipitado e bastante imprudente pensar na aprobación dunha ordenanza, a isto hai que engadir dúas circunstancias: primeira, que a ordenanza proposta é bastante desordenada, deficiente e confusa e contribuirá a confundir os procesos e en segundo lugar que o Concello de Gondomar é un municipio sen planeamento xeral". Bueno, supoño que é evidente que hai que cumplir o artigo 25 da famosa lei 9/2013 pero a aprobación dos regulamentos dun tema, repito, da complexidade que ten esta ordenanza, porque estamos aquí xa empezando a sufrir as consecuencias da Directiva europea de servizos e a famosa transposición e logo a súa adaptación á normativa española coa Lei Omnibus e a famosa Lei Paraguas. Traer isto aquí, coa complexidade que isto implica sen un informe de Secretaría Xeral e cun informe que di isto





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

do arquitecto municipal e cando menos sorprendente pola súa parte porque é certo efectivamente de que o artigo 25 di que hai que elaborar unha ordenanza pero supón que haberá que facela en condicións, ó mellor máis que preocupante da regulación desta ordenanza e a Disposición adicional terceira, cando establece que o Concello de Gondomar ten un ano para habilitar os corpos de inspectores municipais pertinentes para desenvolver estas actividades, supón que xa todos somos conscientes de que o derecho administrativo pasou dun control ex-ante a unha inspección ex-post e que polo tanto o que antes había que dar previos requisitos agora hai que inspecionar e mirar se se verifica, polo tanto moitos dos corpos municipais que antes se adicaban a informar ou a mirar se se cumplían os requisitos previos para dar unha licenza agora van ter que inspecionar a posteriori se se van a cumplir determinados requisitos, o prazo é dun ano, a Lei é de decembro de 2013, temos ata decembro do 2014 para habilitar este corpo de inspección, nós evidentemente salvo que teñamos no período de exposición pública a nosa disposición, se fai falta pedilo supón que o poderemos pedir, un informe de Secretaría Xeral e un novo informe do arquitecto municipal onde se adecúe a ordenanza a determinados parámetros que non sexan os que aquí establece pois evidentemente e no período de alegacións miraremos a posibilidade de emitir as correspondentes emendas ao regulamento, polo tanto e a espera de que isto se produza nós en principio imos a votar en contra. Grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por mayoría dos seus membros (08 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; 04 abstencións: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 01 do membro non adscrito Eladio Costas Pereira; e 05 votos en contra: dos/as concelleiros/as non adscritos/as) acorda aprobar a proposta antedita.

3. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE GONDOMAR.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de data 03.03.2014, que literalmente di:

Vista a Proposta do Alcalde do 20/02/2014 que literalmente di:

Vista a proposta formulada pola Concelleira de Benestar Social de data 10/02/2014.

En relación co expediente relativo a APROBACION DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F) DO CONCELLO DE GONDOMAR, E DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F) APROBADA POR ACORDO PLENARIO DE DATA 17 DE XULLO DE 2009 E PUBLICADA NO BOP DE PONTEVEDRA Nº 223 DE NOVEMBRO 2009, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régime Local.

Vista a memoria explicativa da necesidade de adaptar a normativa municipal ás modificacións e cambios na realidade social e xurídica no marco das competencias autonómicas sobre servizos sociais no ámbito da axuda no fogar.

Propónese ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

1º.- Derrogar expresamente a Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F) aprobada por acordo plenario de data 17 de xullo de 2009 e publicada no BOP de Pontevedra nº 223 de 18 de novembr de 2009. A dita derrogación producirase no momento da publicación no BOP da aprobación definitiva da nova ordenanza reguladora.

2º.- Aprobar inicialmente a nova Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F) do Concello de Gondomar.

3º.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non se teñan presentado reclamaciónsao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros (05 votos a prol: 04 dos membros do grupo municipal do PP e 01 do membro do grupo municipal do CDL, e 05 abstencións: 01 do grupo mixto, 01 do membro do grupo municipal do PSOE e 03 dos concelleiros non adscritos).

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas novamente, nós exactamente o mesmo, imos abstermos, imos a ver con detenimento esta ordenanza e aportar todo o posible para que sexa mellor se cabe e senón pois aprobala, parécenos ben ademais que haxa esta dinámica por parte do Goberno de traer ordenanzas e imos a abstermos. Grazas.


Sr. Gómez: Imos a ver, eu tamén neste caso, xa que é unha aprobación inicial anunciar o meu voto que vai ser a abstención, cando sexa a aprobación definitiva xa miraremos, penso que vai en bo camiño pero neste caso ata mirala ben o meu voto vai ser a abstención. Moitas grazas.

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde, ben, de novo atopámonos cunha ordenanza municipal sen un informe, nós pensamos e posiblemente estaremos equivocados pero nós pensamos que unha ordenanza sen un informe preceptivo da Secretaría do Concello polo cal descoñecemos se se axusta a legalidade, etc., etc., a maiores, tal e como nós xa anunciamos que votaremos en contra desta ordenanza e a maiores faremos as oportunas alegacións a esta ordenanza, porque mire, se nós aprobamos a proposta de Alcaldía e a ordenanza tal cal se contén aquí, vaise producir un vacío legal de 15 días no Servizo de Axuda a Domilio no Concello de Gondomar, onde non vai a estar en vigor nin a que está agora nin a que se vai aprobar, tal como está redactado este tema, polo tanto a nós iso parécenos grave, cando menos alegaremos para que en ningún momento se produza un vacío legal no Servizo de Axuda que é bastante importante, verdade, neste tema, na forma en que vostedes traen a proposta e traen a ordenanza a Axuda no Fogar, se publique cando se publique vaise producir un vacío legal de 15 días cousa que este Concello e os seus veciños e veciñas non se poden permitir, polo tanto votamos en contra.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por mayoría dos seus membros (08 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; 04 abstencións: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 01 do membro non adscrito Eladio Costas Pereira; e 05 votos en contra: dos/as concelleiros/as non adscritos/as) acorda aprobar a proposta antedita.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

4. Modificación de Créditos nº 01/2014 na modalidade de Transferencia de Créditos.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas de data 26.02.2014, que literalmente di:

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise precisa a modificación de créditos de dito Orzamento baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinto grupo de función que non afectan a altas e baixas entre créditos de persoal.

Visto o expediente de referencia, relativo á modificación de créditos do Orzamento Xeral para o exercizo 2014, mediante transferencia de crédito.

Considerando que, segundo informe da Intervención de data 20 de febreiro de 2014, o expediente cumple o dispuesto nos artigos 179 a 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D.Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 40 a 42 do Real Decreto 500/90, así como o establecido nas Bases de Execución do vixente Orzamento,

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2014, coa modalidade de transferencia de créditos entre partidas de distinto grupo de función que non afectan a altas e baixas entre créditos de persoal, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en partidas de gastos

PROXECTO	DENOMINACIÓN	PARTIDA	IMPORTE
	Adecuación e reforma do auditorio	330.632	65.000,00
TOTAL			65.000,00 €

Baixas en partida de gastos

PROXECTO	DENOMINACIÓN	PARTIDA	IMPORTE
	Outros traballos realizados por outras empresas	161.22799	65.000,00
TOTAL			65.000,00 €

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examínalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

dispoñerá dun prazo dun mes para resvelas.

A Comisión Informativa, por maioría dos seus membros (05 votos a prol: 04 dos membros do grupo municipal do PP e 01 do membro do grupo municipal do CDL, e 05 abstencións: 03 dos membros non adscritos, 01 do membro do grupo municipal do PSOE e 01 do grupo mixto, e ningún voto en contra).

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, mire sobre este punto que é unha modificación de crédito eu xa lle dixera en plenos anteriores, ademais dunha maneira moi clara e ademais moi contundente, de que vostede tiña que cambiar o rumbo de facer política neste Concello, vostede nin ten maioría e cando a tivo non foi quen de aprobar un orzamento, temos unha concelleira cunha adicación exclusiva e cun soldo ben retribuído para que atenda ás súas funcións que consisten entre outras, pero como primordial, levar a cabo a aprobación dun orzamento, e se non é levar a cabo a aprobación do orzamento, canto menos, por responsabilidade política e xa que está para iso, porque para iso se lle paga e para iso está vostede onde está, porque non é forzoso, isto é unha cousa..., cada un está se quere e senón mañán marcha para a súa casa e adícase a outra cousa, entón eu con isto non vou a ser..., non vou a pasar por alto este tipo de cuestións, aquí estamos os que queremos estar, ningúén nos obriga a seguir, e os que estamos, uns estamos na oposición porque nos puxeron os veciños, outros están no Goberno, para gobernar, uns están para facer o seu traballo para iso cobran, e que miramos aquí?, pois mire que estamos cuns orzamentos prorrogados ano si e ano tamén, claro isto implica que cando se queren fazer determinadas obras, como neste caso, pois que non hai crédito, pero iso pasa en calquera casa, como non haxa ingresos, como non haxa unha xestión financeira concreta, evidentemente vai a quiebra, falemos dun domicilio, dun fogar, falemos dunha PEME e demais, mire, vostede, ou vostedes poderán estar pensando que nós somos uns atrevidos non contribuíndo con vostedes a que isto vaia para diante, poderán pensalo, pero tamén teño que dicirle por si o están pensando que os irresponsables politicamente son vostedes, primeiro por atreverse a facer as cousas desta maneira, empregando medios, modos e formas que non son propias dun goberno en minoría, hai que establecer pontes de comunicación e hai que falar coa xente, iso canto menos, segundo, vostede o que ten que facer e traballar que para iso lle pagamos todos, non lle queda outra, dígollo a vostede porque é a concelleira de Economía e Facenda pero dígollo ao Sr. alcalde como alcalde porque tamén non vaia a pensar que se vai salvar da queima polo feito de que non é responsabilidade del levar a cabo isto, é dicir, o que pode máis, pode menos, o que pode o menos non pode o más, vostede pode o más e se non lle cumple, se non é rendible no posto decrete, sabe que significa iso, substitúaa, se vostede non quere traballar, se vostede non está de acordo co seu soldo, se vostede non está disposta a dar todo por este Concello e canto menos ter a decencia de chegar aquí cuns orzamentos para que canto menos poidamos discutir sobre eles, váiase, deixe paso a outro que seguro que os hai a montóns. Para ser claro e para non estar aí votándolle un sermón, que tamén no pasa nada que lle vai no soldo, en que o leve de vez en cando un día ao mes, o partido socialista vaille votar en contra disto e voulle dicir por que, porque vostede non cumple, porque non fai o seu traballo, porque pretende gobernar a conta dos demás que estamos na oposición facendo o traballo de fiscalización e control do Goberno, son uns atrevidos, canto menos atrevidos, polo tanto por nós que non quede, imos a votarle en contra a esta modificación de crédito e a case todas e dígolle case pero non lle vou dicir cales son as outras para non darlle pistas, vaia probando vostede se quere traéndoas aquí pero dende logo esta pola nosa parte non pasa, vostede o que ten que facer é aprobar un orzamento, facer un orzamento, traelo aquí e aprobalo e non siga gobernando deste xeito, xa lle dixemos e lle volvemos a repetir, se queda dúbida da irresponsabilidade do Partido Socialista votando en contra disto, se queda dúbida, por se se lle ocorre dicilo, os irresponsables son vostedes por levar a cabo unha obra sen ter un orzamento por planificar e funcionar como funcionan e se falamos de responsabilidade



SECRETARIA



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

vostede, analizando a súa traxectoria neste Goberno, se falamos de responsabilidade, ten que ser a primeira, é dicir, antes ca min, en abandonar esta Corporación, polo tanto Sra. Natalia, Sr. alcalde, fagan o traballo como teñen que facer que para iso lle pagan e entón empezaremos a falar, pola nosa parte non pasa.

Sr. Costas: Boas noites, vaia por diante que o meu voto vai ser en contra e por unhas razóns moi sinxelas, á parte do que dixo o meu compaño Ferreira eu quería facer unha pregunta porque cal é a urgencia deste recoñecemento de crédito se a Xunta dispón de partida orzamentada para o ano 2014, porque no Convenio asinado ten que pagar 150.000 euros, quería saber unha explicación diso?, vai a suceder o mesmo coa obra de Cruz de Mera e do muro das lamentacións, ou o muro do CDL, perdón, o Centro de Desenvolvemento Local, pregunto, vaia por diante que o meu voto vai ser en contra. Grazas.

Sr. Gómez: Boas noites outra vez, imos ver, aquí as cousas, creo que aquí despois de falar xa tanto o Sr. Ferreira xa non queda moito máis que falar pero bueno, as cousas aquí non se están facendo como hai que facelas, eu no mes de outubro, creo que lle preguntei ao Sr. alcalde, pero bueno, xa levábamos este ano sen orzamentos, con orzamentos prorrogados, xa no ano pasado, se estaban confeccionando uns orzamentos, díxome que si, que estaban con iso, iso foi no mes de outubro, normalmente pois se os fixeron en outubro pois tiñan que neste momento ter traído aquí xa uns orzamentos para este Concello, á parte sabendo que tiñan unha obra cunha parte subvencionada que creo que é un 80% que despois o outro 20% son estes 65.000 euros que traemos aquí e que non os tiñan disponíbeis, e bueno, as cousas non se están facendo como toca e como hai que facelas, isto non se pode gobernar así nin se pode funcionar así, o local, o que tiñan que haber feito era uns orzamentos, poñer as partidas que tocan para cada cousa dados os compromisos que temos e agora non terían este problema porque agora teñen un problema grave, o meu voto vai ser en contra, eu neste caso vou a votar en contra, por eses motivos e polos que hai que xa se aclararon. Nada máis, moitas grazas.

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde, dende logo resulta sorprendente isto que estamos a pasar aquí, sorprendente pero non por habitual porque é habitual, isto é unha mostra máis da eficacia e da eficiencia que ten vostede, que é cero, Sr. alcalde, unha eficacia e unha eficiencia que eran o seu banderín na súa toma de posesión e que neste momento está baixo mínimos, dende logo resulta cando menos chocante que vostedes asinaran un convenio coa Xunta de Galicia para a realización deste proxecto sen unha achega económica, porque isto é un investimento plurianual, abarca o ano 2013 e 2014, polo tanto vostedes se tiveron que comprometer porque se non non lle darían, non poderían asinar o convenio, a aportar estes fondos, e fixérono en barbeito, fixérono ao chou, fixérono como?, como fan todas as cousas vostedes, de chanchullada en chanchullada, despois pasa o que pasa, resulta bastante complicado entender porque agora pode pasar isto, agora hai un voto en contra neste Pleno e que vai pasar con esa obra xa iniciada, vostedes non poden empezar unha obra sen financiamento, é unha irresponsabilidade evidentemente, dicir, resulta canto menos sorprendente que vostede traian isto así desta maneira e facendo unha modificación de crédito curiosamente da partida de Benestar comunitario, saneamento, abastecemento e distribución de augas, 161 2799 que son traballos realizados por outras empresas e profesionais e esta partida de Benestar comunitario a pasan a cultura para edificios e outras construcións e non din por que, e non explican por que, e como nos anteriores puntos da orde do día ante as dúbidas deste que lles fala e do resto da oposición, vostedes non defenden a súa postura, non dan explicacións, simplemente limitanse a levantar a man e punto pelota, verdade?, pois evidentemente isto non funciona así, vostedes teñen que dar explicacións e cando un concelleiro ou concelleira da Corporación pregunta ou ten dúbidas, vostedes o mínimo, o mínimo, que lles vai no soldo, é defendér a súa postura, non dar a calada por resposta, e que así non se pode gobernar, bueno, logo vai pasar o que vai pasar claro, despois vai pasar o que vai pasar, polo tanto, non se n'ha ningun tipo de explicacións, dende logo gustaríame e eu vou solicitar a semana que ven, xa llestanuncio a





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

sinatura do Convenio entre a Xunta de Galiza e o Concello de Gondomar para esta obra e haber como vostedes fixeron para reservar os cartos en dúas anualidades porque dende logo se vostedes reservaron os cartos en dúas anualidades terían que ter cartos nestes momentos e non os teñen, e non os teñen, polo tanto nós imos a votar en contra deste orzamento e xa nos explicarán vostedes como se pode contratar e facer e executar unha obra sin consignación orzamentaria, porque dende logo sería para explicarilo ao resto dos concellos. Grazas.

Sr. Araujo: Grazas alcalde, moi breve, cando no anterior Pleno me parece que foi ou no anterior eu pregunteille se esas obras de arranxo do Auditorio Municipal eran tan urxentes ou tan necesarias, verdade?, alguén do Goberno contestou que eran cartos que viñan da Xunta de Galicia, evidentemente non viñan todos os cartos da Xunta de Galicia, verdade?, claro, e agora sabemos que esos cartos que ten que poñer o Concello pois xustamente van saír de obras ou de partidas para obras que si son necesarias para este Concello, como é o saneamento, etc., etc. Ben, eu simplemente quería que isto constase porque ás veces aquí, sempre é a tentación que vostedes teñen de acusarnos de facer demagogoxía pero nós sempre lle avisamos das cousas, sempre lle avisamos das cousas, grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioria dos seus membros (08 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; 09 votos en contra: 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as, 02 do Grupo municipal do PSOE e 01 do Grupo mixto; e ningúinha abstención) acorda rexeitar a proposta antedita.

5. Modificación das ordenanzas fiscais relativas á expedición de documentos administrativos, licenzas, comunicacóns previas e declaracóns responsables relativas a obras e actividades.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de contas de data 26.02.2014, que literalmente di:

Por mor da entrada en vigor da Lei 14/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, este concello elabora a correspondente ordenanza municipal relativa aos procedementos a seguir ante o concello para a realización de obras e desenvolver actividades.


Dita ordenanza prevé diferentes procedemento de comunicacóns previa e solicitude de licenza, así como a posibilidade de consultas ao concello e tramitacións de autorizacións previas.

Ditos procedementos están vinculados a taxas municipais xa existentes no concello e reguladas por ordenanzas fiscais que requiren nova redacción adaptada á realidade normativa actual no réxime de licenzas de apertura e comunicacóns previas.

É por este motivo e dacordo co establecido polo art. 17 do Texto refundido da lei de bfacendas locais, propoño ao Pleno deste concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación das seguintes ordenanzas fiscais do xeito indicado nos documentos adjuntos á presente proposta:

- ordenanza fiscal reguladora das taxas pola expedición de licenzas urbanísticas
- ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos
- ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de establecementos





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)


Segundo.- Proceder á publicación do seguinte acordo no Boletín oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na web municipal co fin de que durante treinta días hábiles a contar dende o seguinte á publicación de dito anuncio no BOP cantos/as interesados/as houbera podan consultar o expediente e presentar cantas reclamacións estímen oportunas.

A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (05 votos a favor: 04 do grupo municipal do PP e 01 dos membros do grupo municipal do CDL, 05 abstencións: 03 dos membros non adscritos a grupo municipal, 01 do PSOE e 01 do grupo mixto, e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto.

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas, grazas, (hai problemas co micrófono), ben, brevemente nos imos absternos na modificación desta ordenanza tamén, imos a facer alegacións ao respecto cando proceda sobre todo referente a expedición de documentos administrativos e demás que nos interesa este tema e creo que nos interesa a todos porque xa é debate e foi debate e seguirá sendo se non se soluciona a expedición de documentos administrativos por parte deste Concello. Ben, imos absternos, faremos as nosas contribucións en vía de alegacións e nada más. Grazas.

Sr. del Río: Ben, grazas Sr. alcalde. Imos ver, traen vostedes aquí (...) de tres ordenanzas fiscais, unha de licenzas, comunicación previa, declaración responsable de actividades e apertura de establecementos, outra que é a de documentos administrativos e outra a de expedición por licenzas urbanísticas. Ben, trataréi de explicar porque nós non imos a votar a prol destas tres ordenanzas. En canto a licenzas de comunicación previa, declaración responsable pola apertura de establecementos, teremos que dicir o seguinte, non hai un informe económico, técnico-económico porque non se considera necesario e non vou a ser eu quien diga o contrario pero cando menos a miéntrame dúbihadas a este respecto e lle vou a explicar, expoñer cales son, en primeiro lugar, na nova ordenanza que se trae aquí modifícase o feito imposible, artigo 2, modifícase a cota tributaria, é dicir, estanse modificando dous dos elementos esenciais de calquera tributo, que son o que, o quen e o canto, pois deses tres, nesta, modifícanse dúas, modifícase o feito imposible porque evidentemente cambia, antes esta era licenza de apertura de establecementos e agora tamén se convierte nunha taxa para as comunicacóns previas e as declaracóns responsables polo tanto o feito imposible se miramos a ordenanza en vigor e a ordenanza que traemos aquí para a súa aprobación cambia, e ademais na realización do feito imposible fálase de que se realizará o mesmo cando non se axusten á comunicación previa e á declaración responsable correspondente e a miña pregunta é a seguinte, e como sabemos que non se axuntan a declaración previa ou responsable se non se fai unha inspección e polo tanto se debería realizar o feito imposible porque vai haber funcionarios municipais que van a exercer o seu traballo e que polo tanto será necesario cobrar a taxa porque sen a inspección cunha declaración responsable ou cunha comunicación previa non se vai saber se se cumple o que o ciudadán ou o empresario quere dicir, sen embargo aquí no artigo 2, feito imposible, e na realización do mesmo cando non se axusten á comunicación previa, nos alegaremos isto porque non nos parece..., en principio nos saen dúbihadas porque se non hai unha inspección non se vai saber se se axusta ou non se axusta á legalidade. En canto ás tarifas, é dicir, o quantum da taxa, pois idem de lienzos, modifícase, polo tanto nós consideramos que no que respecta a este tema, se modifícamos o feito imposible e modifícamos a cota tributaria porque hai novos conceptos, porque hai novos conceptos, pois evidentemente habería que ver cal é a cobertura desa taxa e a nós pareceríamos razonable que se acompañara cun informe técnico-económico. Outro tanto poderíamos dicir da taxa de expedición de licenzas urbanísticas, se collemos a que temos agora en vigor, pois envolve un pouco a pasar o mesmo, se modifica o artigo, que son os suxeitos pasivos e responsables, un elemento esencial do imposto, quen, modifícase a base imponible e liquidable, modifícase o





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

feito imposible e o devengo e modifícanse as tarifas e en concreto modifícanse non as cantidades pero si os conceptos de tipo impositivo en 1, 2, 3, 4, 5 dos 11 propostos, polo tanto tamén pareceríanos prudente que se acompañara isto dun informe económico ou técnico-económico como se di aí e respecto das licenzas de expedición de documentos administrativos creo que é como se chama, estaría ben que se modifidaran determinados erros de feitos que faremos constar nas alegacións pertinentes porque se fan referencias no Anexo que é o único que se modifica, se fan referencias a determinados artigos e epígrafes que son inexistentes, bueno era un erro material que había na anterior, pero bueno, dado que se vai a facer de novo estaría ben que se fixera e se modificaran determinados erros aí, só hai, ben é certo que nesta é praticamente o mesmo, só cambia no das tarifas un novo concepto como é as consultas previas de obras e actividades, certificados, informacións urbanísticas que na taxa anterior simplemente era de información urbanística polo tanto é a que teoricamente menos nos preocupa neste tema, polo tanto vistas as dúbidas que temos, vista que imos necesariamente realizar as alegacións oportunas para intentar mellorar este tema e mentres non se rectifiquen os que nós consideramos deficiencias que isto ten imos votar en contra destas modificacións das ordenanzas fiscais. Grazas.

Sr. Gómez: Eu simplemente anunciar o voto meu ante as lagunas que ten e as dúbidas o meu voto vai ser abstención. Nada más, moitas grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioria dos seus membros (08 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; 04 abstencións: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 01 do membro non adscrito Eladio Costas Pereira; e 05 votos en contra: dos/as concelleiros/as non adscritos/as) acorda aprobar a proposta antedita.

6. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e derogación da anterior ordenanza fiscal relativa a dito prezo público.

Pola portavoz do Grupo do Partido Popular dáse lectura do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas de data 26.02.2014, que literalmente di:


Vista a proposta formulada pola Concelleira de Benestar Social de data 10/02/2014.

En relación co expediente relativo a APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F) DO CONCELLO DE GONDOMAR, E DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F) APROBADA POR ACORDO PLENARIO DE DATA 4 DE XULLO DE 2013 E PUBLICADA NO BOP DE PONTEVEDRA Nº 204 DE 23 DE OUTUBRO DE 2013 en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a memoria explicativa da necesidade de adaptar a normativa municipal ás modificacións e cambios na realidade social e xurídica no marco das competencias autonómicas sobre servizos sociais no ámbito da axuda no fogar.

Visto o informe favorable da interventora municipal de data 18/02/2014.

Propónese ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

1º.- Derrogar expresamente a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F) aprobada por acordo plenario de data 4 de xullo de 2013 e publicada no BOP de Pontevedra nº 204 de 23 de outubro de 2013. A dita derrogación producirase no momento da publicación no BOP da aprobación definitiva da nova ordenanza reguladora.

2º.- Aprobar inicialmente a nova Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación do Servizo de Axuda no Fogar (S.A.F) do Concello de Gondomar.

3º.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non se teñan presentado reclamacións ao expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Comisión Informativa, por maioría de votos a favor (05 votos a favor: 04 do grupo municipal do PP e 01 dos membros do grupo municipal do CDL, 05 abstencións: 03 dos membros non adscritos a grupo municipal, 01 do PSOE e 01 do grupo mixto, e ningún voto en contra) ditaminou FAVORABLEMENTE o asunto.


DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas de novo, nós a este punto imos tamén a absternos de igual maneira para facer as alegacións, as correccións que estimemos oportuno e nada máis. Grazas.

Sr. Gómez: Eu simplemente manifestar o meu voto, vai ser a abstención tamén. Grazas.

Sr. del Río: Ben, outra proba máis da eficacia e eficiencia do goberno do PP, xustifican esta ordenanza fiscal reguladora de prezo público e a traen aquí mediante un Decreto, o 149/2013 de 8 de setembro, da Xunta, e traen vostedes isto aquí hoxe, estabamos en setembro creo recordar cando se aprobou este Decreto da Xunta de Galiza e vostedes traen isto en marzo, é dicir, cinco meses e pico despois deste Decreto, a disposición derrareira núm. 4 di: "As corporacións locais disporán dun prazo de 6 meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste Decreto para adaptación das súas ordenanzas ao disposto na presente norma", isto se publicou no DOG o 24 de setembro de 2013, entrou en vigor o 25 de setembro, 6 meses, outubro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo, e xa contou polos dedos para non equivocarme, e estamos a día 6, é dicir, isto non se cumple Sra. Patricia, Sra. Durán, hai que poñerse as pilas, hai que poñerse as pilas porque isto non poden traelo vostedes aquí praticamente co prazo cumplido. De novo volveremos a, esta é unha aprobación inicial, supón que estará rectificado o tema dos 20 días ou dos 15 días, iso que se rectificou na Comisión, creo, informativa correspondente no prazo dos 20 días, fímonos a abster nesta ordenanza, facer se é procedente as alegacións oportunas e que entre en vigor cando dispoña o tempo, imos a dicilo, porque se dispón o Goberno Municipal imos aviados. Grazas.

Sra. Durán: Grazas Sr. alcalde, Sr. del Río xa comentei na Comisión informativa pero efectivamente estaban as súas compañeiras non estaba vostede, imos ver o Concello de Gondomar ten como xa ben na propia proposta unha ordenanza fiscal que modificamos hai moi pouco tempo adaptándonos a un Decreto do ano 2012, xa naquel momento, dado que se establecía un sistema de copago, e al dábannos un ano e medio para poder adaptalo, tratamos de esgotar sempre o prazo ao máximo, que ocorre, que aquí aprobamos no mes de xuño a aprobación inicial da ordenanza, queda aprobada definitivamente no mes de outubro e xusto xa no mes de setembro aparece este novo Decreto onde xa obriga a unha nova modificación para establecer unhas novas taboas de copago. Nese momento dende o Departamento de Benestar Social se trata un pouco a situación porque estabamos iso, a piques xa da publicación definitiva





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

polo tanto aprobaríamos xa esa ordenanza e estarían digamos esas novas cotas en vigor apenas uns meses, ou sexa, ata o mes de decembro porque tendo en conta que logo no mes de xaneiro xa cos novos importes das pensións terían que facer un novo recálculo polo tanto, eu seguindo un pouco o criterio que tamén seguían as técnicas de dicir, pásamoslleis xa aos usuarios e as usuarias un copago, uns importantes, e consideraban que era oportuno tratar de esgotar o prazo polo tema de que estean 6 meses ou non 6 meses, lle digo esta Ordenanza foi fiscalizada xa pola Xunta e foi o pasado xoves xusto cando nola remitiron, é dicir, na Xunta todavía están revisando estas ordenanzas doutros concellos porque houbo concellos que paralizaron a anterior modificación porque xa entrou en vigor esta, nós porque xa tiñamos a piques de aprobar, temos as comunicacións á Xunta que bueno, cando as teñamos aprobadas que llas remitamos pero os tempos tampouco están sendo moi estrictos por incluso algunha dificultade e as propias conversas e reunións que están tengo as traballadoras sociais para establecer certos criterios pero un pouco o de seguir foi isto, que xa tiñamos a outra para entrar en outubro, empezaríamos a aplicar uns prezos en novembro que estarían en vigor novembro e decembro, en xaneiro xa modificar en función dos importes das novas pensións e polo tanto dende as traballadoras sociais un pouco tamén o que me recomendaron foi tratar de esgotar para ter durante un tempo un pouco os prezos más fixos e agora emprender xa unha nova modificación de todos os importes dos nosos usuarios. Grazas.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete esta proposta a votación.

VOTACIÓN E ACORDO

188/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Elena Ares Salgado).

189/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Ana M. Pequeño e outra máis).

190/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello, (Juan C. Alonso).

191/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Gonzalo Iglesias Núñez).

192/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello, (Oswaldo Salgueiro Otero, 2 h.).

193/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello, (Oswaldo Salgueiro Otero, 5 h.).

194/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal laboral do Concello, (Eva Giménez).

195/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Mª José Bastos).

196/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas festivas realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Xosé A. Fernández no mes de novembro).

197/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas festivas realizadas polo persoal funcionario do Concello, (Xosé A. Fernández no mes de decembro).

198/02/14, de 04 de febreiro de 2014, Resolución relativa a retirada vehículo da vía pública. Exp. 154/11.

199/02/14, de 05 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra menor para cambio de tella en Regodauga, Chaín, gondomar. Exp. 11329.

200/02/14, de 05 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra para acondicionamento e apertura de local na rúa Manuel Alonso, 15, baixo. Exp. 10926.

201/02/14, de 05 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra maior para rehabilitación de vivenda tradicional en Seidóns, Mañufe. Exp. 11462.

202/02/14, de 05 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Marina Blanco Rodríguez para o mantemento das condicións de seguridade, salubridade, ornato e habitabilidade. Exp. 67/12.

203/02/14, de 6 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal, Exp. 09S/14.

204/02/14, de 6 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra menor para instalación e almacenamento de depósito en Xermán, Donas. Exp. 10576.

205/02/14, de 06 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra para arranxo de muro en San Cibrán, 6A, Donas. Exp. 11553.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

206/02/14, de 06 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto nº 12.

207/02/14, de 06 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Arquivo actuacións expediente 41/2013.

208/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Listaxe definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do Tribunal cualificador e convocatoria dos membros do Tribunal cualificador e dos aspirantes para a avaliación do concurso e a realización do primeiro exercizo práctico, do procedemento selectivo para a contratación dunha Directora do Conservatorio Municipal.

209/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Urbano Alonso Roade para limpeza parcela sita en Peroleira- Peitieiros e poda de árbores. Exp. 106/2013.

210/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Urbano Alonso Roade para limpeza parcela sita en Loureiro-Chaín e poda de árbores. Exp. 92/2005.

211/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a José Enrique Rial Gómez para limpeza parcela sita en Piñeiro, Vincios. Exp. 39/2013.

212/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Saturnino Rodríguez López para limpeza parcela en Figueiró, Vincios. Exp. 90/2013.

213/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Alberto Meira Miranda para limpeza parcela en Salgueiro, Vincios. Exp. 12/2013.

214/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Saladina Méndez Freiría para limpeza parcela en Moourisca, Chaín. Exp. 75/2013.

215/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 13.

216/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 14.

217/02/14, de 07 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 16.

218/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da renovación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar para o servizo de recollida e tratamiento de residuos domésticos e asimilables. Exp. CV110/12.

219/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación da renovación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar para o servizo de recollida de vehículos abandonados e o seu posterior tratamento.

220/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a acta da Cimisión de Valoración das Axudas municipais para comedor escolar dos/as usuarios/as dos centros de ensino público non universitario do Concello de Gondomar que contan con servizo de comedor e que serán xestionados polo Concello en virtude do Convenio de colaboración asinado en data 5 de xullo de 2013 coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.


221/02/14, de 10 de febreiro de 2014. Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario de Concello (Elena Ares Salgado).

222/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requerimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura de furanco en Pintor, 20 A, Chaín. Exp. 11368.

223/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Jorge Sestelo Soliño e Digna Fraga Alonso para limpeza parcela e tala de árbores que non respecten as distancias establecidas en As Gaiandas. Exp. 114/2011.

224/02/14, de 10 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do gasto de axuda de emergencia social para o pago de recibos a Gas Natural. Exp. PX-0002/2013.

225/02/14, de 11 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Aurora González Davila para recollida de augas, nova fosa séptica e limpeza de finca sita en Xunqueira nº 19, Borreiros. Exp. 115/2011.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

226/02/14, de 11 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Solicitud de M^a del Rocío Rodríguez Fernández en n/r da Comunidad de Propietarios Otero Pedraio, 8 de obtención de copia da licenza de actividade Café-Bar "O Rañolas". Exp. 7952/RX 6886/13.

227/02/14, de 11 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Solicitud de Alejandro Luis García del Olmo en n/r da Comunidad de Propietarios Otero Pedraio, 3 e 5 de obtención de copia da licenza de actividade Café-Bar "O Rañolas". Exp. 7952/RX 6886/13.

228/02/14, de 11 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Renrique Crespo e José Ramón Crespo para limpeza parcela e tala de árbores que non respecten as distancias establecidas en As Gaiandas. Exp. 63/2013.

229/02/14, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a programa de acción municipal Deputación Provincial de Pontevedra, Sección Actividades 2013, curso Ximnasia para a 3^a idade/2014.

230/02/14, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a programa de acción municipal Deputación Provincial de Pontevedra, Sección Actividades 2013, curso Memoria para a 3^a idade/2014.

231/02/14, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización a concelleira Dna. Paula Bouzós Barros para persoarse perante a Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural MAIV- Baixo Miño na sesión de data 20 de febreiro de 2014.

232/02/14, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 10S/14.

O Pleno da Corporación municipal queda informado.

b. Mocións

10.b.1. MOCIÓN RELATIVA Á SANIDADE PÚBLICA DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO E O SEU CONTORNO

D. JUAN FRANCISCO FERREIRA GONZALEZ, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Gondomar, comparece e como mellor en dereito proceda
DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

O mapa sanitario de Galicia foise definindo o longo dos anos en sucesivos decretos. O primeiro foi no ano 1984 e o último no ano 2005. Un mapa sanitario que, ata agora, segue en vigor pero





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

que se vai modificar por mor dunha instrucción que a actual consellería de sanidade.

Exactamente se trata da instrucción 7/2013 da Consellería de Sanidade, cun novo reparto das áreas sanitarias. Este reparto non parece moi equitativo para os diferentes complexos hospitalarios, pois mentres o CHUAC vai contar con once referencias únicas, e o CHUS con once, a Vigo no CHUVI so se lle asignan catro, cando a área urbana de Vigo é a de maior poboación de Galicia.

Lamentablemente, a política sanitaria da dereita ven discriminando os cidadáns de Vigo en termos de asistencia sanitaria dende fai moitos anos. É a única área sanitaria que ten poboación asignada a un hospital privado, e agora estase a construir un hospital privado que vai a hipotecar a sanidade galega durante décadas.

Este reparto arbitrario e discriminatorio do que falábamos antes ten moito que ver con que a área sanitaria de Vigo, aínda que conta co maior numero de habitantes, continua sen embargo tendo unha dotación sanitaria claramente insuficiente.

Deficiencias e problemas que o novo hospital "privado" de Vigo non vai solucionar, xa que nace seriamente recortado. Iso si, vanse asignar ao CHUAC e CHUS, públicos, as doenzas e probas mais custosas, e deixar para o novo hospital privado de Vigo aquelas mais baratas de prestar, e polo tanto con maior beneficio para as empresas adxudicatarias.

Ademáis, esta nova distribución vai prexudicar aos doentes de Vigo, xa que por un lado van ter que asumir desprazamentos mais longos, e por outro os profesionais da medicina pública de Vigo terán una menor oportunidade de formación ao reducirse a poboación con patoloxías e probas diagnósticas e cirúrxicas complexas, diminuíndo a masa crítica de patoloxías complexas tratadas, o que repercutre na calidade asistencial.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

A C O R D O

- Instar á Xunta de Galicia:





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

A que manteña o mapa sanitario vixente, e que o CHUVI continúe a ser o hospital de referencia para a totalidade das provincias de Pontevedra e Ourense.

Que en aras dunha xusta distribución entre poboación e territorio das prestacións sanitarias, se inicie o proceso para incrementar as referencias únicas para o conxunto de Galicia de novos tratamentos e probas diagnósticas no CHUVI.

Xa que a Xunta de Galicia está a afirmar que o problema son as listas de espera, a corporación municipal insta ao xerente da Área de Vigo a reclamar recursos para os seus servizos para incrementar a eficiencia e esixir que o novo hospital de Vigo teña a dotación necesaria para dar unha resposta satisfactoria que manteña a Área Sanitaria de Vigo como área punteira de referencia para as provincias de Pontevedra e Ourense naquelas especialidades que, por criterios científicos e asistenciais non podan nas súas áreas respectivas.

DELIBERACIÓN

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, a moción que presentamos é un tema moi preocupante no só para Gondomar senón para a súa área de influencia que é a Comarca de Vigo, esta moción versa sobre a problemática que o Partido Popular está levando a cabo, digo problemática porque está levando ata tal xeito unha situación que é insostible, o tema da Sanidade Pública, esta moción xa foi presentada noutro concello, no Concello de Vigo, de igual xeito e aprobada cos votos a prol a excepción do Partido Popular como non podía esperarse outra cousa e tamén e unha moción, que quero dicir, conxunta entre Partido Socialista e BNG. A conselleira de Sanidade aprobou un novo mapa sanitario para Galicia, unha instrucción o 26 de xuño do 2013 que entrou en vigor o 15 de setembro e que non se deu a coñecer ata xaneiro sen consultar con ningúen e atando a Comarca de Vigo dunha maneira indiscutible, o reparto que propón a Xunta de Feijoo consideramos que é un reparto arbitrario e discriminatorio coa nosa comarca, Comarca de Vigo, mentres o Complexo Hospitalario da Coruña vai contar con 11 referencias únicas e o de Santiago con outras 11 ao de Vigo asignánselle 4 cando é a área de maior poboación de Galicia. Rómpese polo tanto o equilibrio territorial que xa se ve diminuído, accesibilidade poboacional tanto temporal como xeográfica ademais da dimensión humana de separación do paciente do seu entorno familiar e emocional, algo que xa a vostedes non lle interesa polo que vexo, a primeira pregunta que habería que facerse sobre este aldraxe é por que toma esta decisión a Xunta de Galicia, hai algúns argumentos rigoroso para tomar esta decisión, a resposta eu creo que é ben clara: non, non con maiúsculas, non hai ningunha argumentación ao respecto, só é unha decisión política, é unha decisión política do goberno do PP, é un ataque frontal á comarca máis poboada de Galicia, a nosa, decidiron, a Xunta de Galicia decidiu promover o norte fronte o sur, pretenden supeditar a Comarca de Vigo á Coruña ou a Santiago, unha decisión que suporá un transtorno para os pacientes, o desprazamento en moitos casos a distancia que teñen que percorrer e isto é unha realidade... o que se pretende con esta medida, que logo todos sabremos cal é, é potenciar indiscutiblemente o Hospital de





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Santiago como un centro estrela e a provincia da Coruña, a expensas das Áreas Sanitarias de Pontevedra e de Vigo, a Xunta quere unha área sanitaria minguada para a Área de Vigo, pretende desmantelar a Área Sanitaria viguesa cuns desvíos de máis de 300.000 pacientes da provincia de Pontevedra a Santiago, van ter que ser atendidos ali, os nosos familiares, os que aquí estamos, imos a ter que ir a Santiago a que nos mire o médico e cando esteamos ingresados van ter que ir a visitarnos ali, claro, como estamos nuns momentos voiantes economicamente falando, as peaxes son gratuítas de aquí a Santiago, os carburantes son baratos, o céntimo sanitario que está tan de moda coa sentenza da Unión Europea que se demostrou que é un céntimo sanitario cobrado ilegalmente e que ten que devolvérselle a todos aqueles que fixeron uso dos seus vehículos, aquelas empresas que gastaron carburantes, pois como estamos nesta situación, isto é o que nos pretende meter a Xunta de Galicia, que nos teñamos que ir a Santiago e A Coruña a curar, a valorar, a mirar as nosas patoloxías, a saludar aos nosos e a visitar os nosos enfermos, non lle chega con construir un hospital privado, non lle chega con construir hospitais privados como é o caso do que se está facendo en Vigo, privado, que ademais conta con menos prazas nas que no seu momento dixerón que fan facer, menos servizos, menos tecnoloxías, menos beneficios, isto é lamentable e isto é o goberno popular, e isto estallo facendo á Comarca de Vigo este goberno, polo tanto eu espero, espero, que todos os que aquí estamos hoxe, indistintamente da cor do noso partido político, cando se trata da saúde, cando se trata dos intereses persoais e dos nosos achegados e dos nosos familiares, cando nos intentan quitar o que tanto nos custou, un dereito fundamental como este e cando nos queren levar a Santiago e á Coruña, nós temos que estar todos xuntos dicindo que non e o alcalde o primeiro como representante dos veciños de Gondomar, o primeiro, alcalde, non podemos pasar por isto, non podemos permitir o despazamento de veciños de Gondomar e da Comarca de Vigo hacia Santiago e hacia A Coruña, polo tanto, presentamos esta moción o Partido Socialista e o BNG coa seguinte exposición de motivos. (O concelleiro Juan Francisco Ferreira González procede a ler a moción arriba transcrita). Espero que esté de acordo, alcalde, lonxe de estar ao carón dos seus, que bastante ten con que sexan os seus, espero que teñamos todos a valentía de aprobar esta moción e de pómox en pé de guerra en contra desta instrución e desta iniciativa do seu goberno que implica en moi breve frase, que teñamos que despazarnos a Santiago e A Coruña para ser atendidos sanitariamente, nós, os nosos enfermos e cando teñamos que ir a visitalos exactamente igual, non podemos permitilo, se me permitides a min xa é un feito que me di todo, que teñamos que os de Gondomar pasar polo hospital privado que se está construíndo en Beade e que teñamos que ir a POVISA é lamentable, que eu teña que ir nunha ambulancia en urxencias e que pase por diante dese hospital e que non me atendan que teña que entrar en POVISA un cuarto de hora máis tarde, iso é inxustificable economicamente, de calquera forma, que veña deus e que mo diga, moitas grazas.

Sr. del Río: Moi brevemente, sorpréndeme unha vez más que o Goberno fique mudo neste tema, bueno, ás veces ata é mellor, nós imos a apoiar evidentemente esta moción, nun principio esta descapitalización da área sanitaria xa lle afecta sobre todo ás Comarcas do Salnés e Pontevedra pero dentro de pouco afectarános a todos, tendo en conta o que temos aquí en Vigo que é un hospital privado como o de POVISA onde vas pedir unha manta e dante unha saba porque non teñen mantas, feito que ocorreu onte e non é ningunha coña e o outro semi-público, non sei se privado pero dende logo non público que se está construíndo aquí ao noso lado, evidentemente xa non é que haxa unhas referencias que eu non sei se na área da Coruña son 11 ou son 13, 13 na Coruña , 11 en Santiago e 4 aquí en Vigo, pero en todo caso o que é evidente e que cantas menos referencias únicas teñamos, canto máis descapitalicemos a Área menos recursos imos ter ao longo do tempo polo tanto nós imos apoiar a moción.

Non habendo más intervencións o alcalde somete a votación esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA EMENDADA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

10.b.2. MOCIÓN RELATIVA A TRANSFERÉNCIA DOS DEPÓSITOS DE PRAZO FIXO

EMILIO GARCIA CREGO, concelleiro nacionalista da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCION:

O pasado 18 de Decembro o FROB fai pública a resolución do proceso de venda de NCG BANCO ao Banco Etcheverría/Grupo Banesco condicionada ao cumprimento dos requisitos legalmente previstos e á correspondente aprobación por parte da Dirección Xeral da Competencia da Comisión Europea.

En distintas declaración públicas o Presidente en funcións, Sr. Escotet, comprométese a solucionar a devolución de depósitos en Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas nun prazo de 90 días.

Esta Corporación aprobou en distintas ocasións mociones instando a cancelación de contas de NCG BANCO no caso de que non se devolva o 100% do dñeiro estafado aos aforradores. Non se incluiría a parte correspondente a Investidores Institucionais.

É hora de poñer en práctica os acordos tomados .

Trátase dunha medida de presión que non debe interferir na operativa de cobros e pagos ordinarios do Concello polo que, en principio, as cantidades a transferir serán as existentes en depósitos a prazo a medida que vaian vencendo.

Este novo acordo inclúe a proposta de que a transferencia de fondos se faga á CAIXA RURAL GALEGA, Entidade que nos consta non vendeu Preferentes nin Subordinadas.

Polo exposto, propoño para a súa aprobación polo Pleno da Corporación do Concello de Gondomar a adopción do seguinte acordo:

1. Dirixir escrito á Dirección de NCG BANCO indicando que se non existen acordos coas Plataformas de Afectados por Preferentes e Subordinadas antes do 31 de Marzo esta Corporación transferirá os seus depósitos de prazo fixo á CAIXA RURAL GALEGA.

2. Dar instrucións aos servizos de Intervención do Concello para que procedan á apertura de conta na Entidade citada.

DELIBERACIÓN

Sr. García Crego: Antes de entrar a comentar a moción quixería facer un par de consideracións, a primeira e con relación á postura que acaba de adoptar Mercedes Tascón, concelleira do Concello veciño de Tomiño, que acaba de deixar o Partido Popular polo trato dado a afectados polas preferentes e a emigrantes retornados, un saúdo e unha invitación a que se teña en conta. E unha segunda e breve consideración é que se abren neste momento uns minutos de



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

reflexión ata que acaben as moción para que o Sr. alcalde se decida dunha vez por todas, no apartado de preguntas, indicarnos se está disposto a retirar a denuncia contra Xulio Vicente.

O Concelleiro Emilio García Crego pasa agora a ler a moción arriba transcrita.

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, obviamente estamos totalmente de acordo con isto, se por nós fose as contas do Concello non estarían onde están, estarían xa retiradas, proba disto é que aquí xa se aprobaron mocións neste senso onde adoptáramos esa medida, a pregunta que habería que facerse é por que non se levou a cabo, por que non se respectan os acordos plenarios, por que non se executan as mocións que democráticamente esta Corporación adopta e aproba, pero bueno, imos a ser xenerosos e imos a dar unha marxe de tempo, ata o 31 deste mes para que a entidade financeira reaccione, devolva os cartos aos afectados ou se non o Sr. alcalde dunha maneira tenaz e inmediata o día 1 se plante en CaixaNova e lle cerre as contas de maneira inmediata á entidade. Grazas.

Sra. Durán: Grazas alcalde, Sr. Crego, no acordo que vostede nos propón, no apartado 1, está o de dirixir ese escrito ao enderezo de NCG BANCO indicando que bueno pois que efectivamente se este Sr. Escotet non cumple coa súa promesa de chegar a un acordo que resolva a situación de todos os afectados antes do día 31 pois que esta Corporación transferirá os seus depósitos de prazo fixo e vostede nos indica unha entidade en concreto. Nós aquí, o problema que nos atopamos é que non existe ningún tipo de proposta, é dicir, ningúen desta entidade se dirixiu, non se coñece a situación, as condicións, o que lle propoño é emendar ou modificar este acordo pero que non sinale a unha entidade en concreto, vostede manifesta que lles consta, non?, o feito de que non vendeu e demais pero é que nos está indicando a unha entidade que ademais non ten oficina operativa en todo o Val Miñor, un pouco tena en Vigo, a gran mayoría pois están..., efectivamente é unha entidade que ten a súa forza máis nas provincias de Lugo e Ourense e aquí efectivamente vostede di que para que non afecte á operatividade do Concello no que son os pagos por iso se fala do tema dos depósitos de prazo fixo, ven así de entrada, ó mellor aprobar isto con esta entidade sen coñecer as súas condicións que ofrece por este tema, parécenos así un pouquiño, lle digo por se quere emendar, outra entidade que ofrece melhores condicións que diso vostede xa coñece para pór esos depósitos de prazo fixo.

Sr. García Crego: Eu creo que non procede facer emenda ningunha, sobre todo porque se algúnhia prioridade debe ter o feito de depositar os cartos hoxe nun banco debe ser a que, relacionado co tema de preferentes e de subordinadas, non se vaian os cartos a unha entidade que vendera este tipo de productos, e iso é o que sucede con Caixa Rural Galega. Dubido, polas condicións que existen no mercado, que existan grandes diferenzas, fagan o que queira ou voten a favor ou en contra, esta é unha opción para que non quede no aire que se hoxe decidimos cancelar as contas, que despois o Goberno diga que as abre no Banco de Santander, precisamente ese é o sentido que ten que se poña na moción "Caixa Rural Galega", é a única, outra opción podereña ser algúnhia das entidades de banca ética, pero bueno, de momento non son ao mellor moi operativas, iso temos tempo para pensalo e para decidilo pero neste momento é a única entidade que non vendeu este tipo de productos. Grazas.

Sra. Durán: Ben pois, Sr. García Crego, eu lle propuña esta emenda para deixar un pouquiño aberto e non pechado xa o nome da entidade, por tanto entendemos que se non emenda neste senso a súa moción o noso voto irá en contra, doulle a proposta de que emende e que deixe aberto a entidades con garantías de que efectivamente pois o producto que teñan no mercado non son nin esas preferentes nin subordinadas nin estes produtos de alto risco pero non pechando a unha entidade que de momento no Concello non se coñece a súa situación nin a súa oferta de productos.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)


Sr. García Crego: Si, non, que voten en contra, é a súa responsabilidade, a asumen e nada más, nós entendemos e defendemos que esta entidade é a única que non vendeu este tipo de produtos e ese é suficientemente importante para que se cambien os depósitos de prazo alí, nada más.

Sr. Gómez: Imos ver, eu estou totalmente de acordo, ademais o manifestei aquí noutras sesións plenarias de que se lle quiten os cartos, neste caso, a NovaGalicia Banco, eu penso que xa non deberían nin de estar alí (queda interrompida a gravación), a ver, non sei se se me escoitoi, eu estou totalmente de acordo e eu penso que isto xa se debería de ter realizado porque xa se acordou nalgúnha sesión plenaria, estiven sempre de acordo e cando tivemos xuntanzas con representantes da plataforma, de que se lle quitaran os cartos a NovaGalicia Banco, agora claro, non estou totalmente de acordo co Sr. García Crego de que se obrigue, que se impoña que se levan a un banco, a este banco que el propón, porque claro, non ten, isto non vai a ser operativo, aquí en Gondomar non ten oficina nin na Comarca do Val Miñor me parece que non ten oficina, imaxínese que calquera persoa que ao solicitar facer calquera cousa que ten que ser retribuída e pagada no Concello, que ten que facer o ingreso nesta conta e pagar o Concello, vai a ir a Vigo?, iso é complicarlle a vida as persoas, iso si que non podemos facelo, eu penso que alí, eu penso que debería de emendala e eu estou totalmente de acordo con vostede pero é que iso non, xa sei que hoxe en día hai sistemas electrónicos, telemáticos..., pero non todo o mundo dispón deses medios nin os domina, polo cal eu alí non lle vou a votar en contra pero eu alí case me abstería porque desa forma estamos poñéndolle as formas moi compliadas ao cidadán de Gondomar que queira facer un ingreso nunha conta do Concello. Nun principio nada más. Grazas.

Sr. García Crego: Señor Gómez, creo que a súa pregunta queda contestada no texto da moción non sentido de que as contas que son operativas se manterían precisamente por ese motivo e por ese único motivo, e o feito de que vaian a outra caixa de aforros en Vigo, e o feito de que se indique a esa entidade tamén está exposto, o outro quedaría no aire e sería un acordo sen sentido ningún, é dicir, cancelamos as contas sen indicar a onde, ese si que sería un problema por outro lado, o mercado neste momento non teñan medo que está plano e as opcións de depósito en calquera entidade son más ou menos as mesmas, manteño o dito.

Sr. Gómez: Non eu simplemente dicir que se pode dicir: non en NovaGalicia Banco, totalmente de acordo, nin si hai dúas ou tres entidades más que puideron facer preferentes ou vender algún tipo destes tipos tóxicos, é dicir, neses tampouco, dicir nós que non, pódese deixar aberto a que se negocien as mellores condicións para o Concello, eu penso que debían de emendala Sr. García Crego, senón eu mírome na obriga de absterme, non de votarle en contra que eu non podo facer iso de ningunha maneira pero de absterme, nada más, grazas.

Sr. Ferreira: Grazas, a todos, a ver, nós temos unha cousa moi clara, o Partido Socialista, salvo que as cousas que se decidan aquí sexan ilegais que non as imos apoiar, por suposto, porque son ilegais, imos a estar con vós, e imos a apoiarvos no que vós queirades, porque tedes razón non porque queiramos quedar ben, pero tamén vos digo, agora despois de escoitar a súa segunda intervención, éntame a min algunha dúbida que lle pido Sr. García Crego que me aclare, porque o que di a voceira do partido popular, que conste que eu vou apoiar a moción, pero non é nada descabelado, ten moito sentido cando di que a Corporación do Concello de Gondomar sexamos quen de dicir onde hai que meter os cartos dos veciños, tampouco se nos ten que dar esas atribucións, haberá que analizalo cando haxa que analizalo, mirar que consecuencias ten o levar os cartos a un sitio que xeográficamente non teña nada que ver con Gondomar, poño un exemplo, desapareceu Banesto en Gondomar e agora é o Santander e temos que ir a Nigrán ou a Baiona para facer as xestións, e eu cando vou ao Banesto que teño conta alí, atópome a todo Gondomar, protestando por certo da cola, bueno a ver se vai a pasar isto e imos ter que mirarnos na Rúa Venezuela ou tal, eu non sei se vendeu preferentes ou non Caixa Rural Galega, non o sei, polo tanto polo feito de que se diga categoricamente aquí dunha





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

forma isofacta non vendeu, como para fiarse das entidades financeiras, ao mellor iso habería que acreditalo, e tamén cando vostede aquí por que os seus depósitos, di: esta Corporación transferirá os seus depósitos de prazo fixo á, o tema de depósito de prazo fixo, xa que vimos analizando polo miúdo esta terminoloxía tan complexa, financeira, que se depósitos a prazo, prazo fixo, que se non sei que, tamén quería eu que mo aclarara porque isto de prazo fixo non vaia ser que sexa unha preferentada encuberta, é dicir, como para fiarse agora desta terminoloxía, é dicir, cando imos a depositar ou a transferir os cartos do Concello de Gondomar, os cartos de todos, non os meus a un depósito a prazo fixo á Caixa Rural Galega, esta frase encerra moito, e as connotacións xurídicas e sociais que poden ter para os veciños de Gondomar non as podemos tomar aquí á lixeira, así a voz de pronto de decir tal, e mirando isto e sopesando eu creo que temos que facer un punto de inflexión onde temos que matizar isto porque eu non quero ser herdeiro de ter apoiado algo que non teño claro e que dentro de seis meses ou un ano me reprochen os que hoxe están aquí reprochándolle a outros as falcatruadas que fixerón, entón as cousas claras, tranquilidade, e tamén outra cousa que quero aclarar, era cando vostede dixo algunas contas si e outras non, como dicindo, bueno, se é para pagar recibos poden ir aquí pero se é para..., entón me entra máis a dúbida co prazo fixo, todas fóra, e que se lle imos a deixar as contas para que ingresen o imposto de rodaxe, e a contribución e non sei que e as que lle dan traballo as levamos a Caixa Rural, non, todas ou ningunha, e que por aí non se pasa. Grazas.

Sr. García Crego: Imos ver, isto, o feito de que se transfiran todas ou non si que é un proceso más longo porque hai procesos de cobros e pagos que están comprometidos, están domiciliados e é moi máis complexo, ese é o motivo de que se exclúa, de momento, esa é unha opción que temos, que ten o Concello en calquera momento, imos ver, eu estaría disposto a retirar o de Caixa Rural Galega pero ten que haber un compromiso antes do 31 de decembro por parte do Concello de xuntar a Xunta de Voceiros para que en comunicación coa Caixa Rural Galega nos dea as súas condicións, perdón, de marzo.

Sr. Ferreira: Nada, só matizar a emenda, eu creo que deberíamos quitarlle o de transferir os depósitos a prazo fixo a outra entidade e simplemente retirarlle as contas á entidade se non cumple, se non paga e non lle devolve os cartos aos afectados quitámosllas, pero tamén digo que temos a capacidade nós como para xuntarnos e falalo e tal, onde van, onde non van, porque eu a esta entidade tampouco a coñezo, calquera de vostede metería os cartos agora mesmo en Caixa Rural Galega sen antes entrar en internet e mirar de onde vén, pois eu pídolle iso.

Á vista do exposto o concelleiro D. Emilio García Crego emenda a súa proposta, do seguinte xeito:

Polo exposto, propoño para a súa aprobación polo Pleno da Corporación do Concello de Gondomar a adopción do seguinte acordo:

1. Dirixir escrito á Dirección de NCG BANCO indicando que se non existen acordos coas Plataformas de Afectados por Preferentes e Subordinadas antes do 31 de Marzo esta Corporación transferirá os seus depósitos de prazo fixo a outra entidade.
2. Convocar á Xunta de Voceiros antes do 31 de marzo para establecer contactos coa Caixa Rural Galega para que expoña as súas condicións.
3. Unha vez que a Xunta de Voceiros adoite unha proposta, traerase ao próximo Pleno.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA EMENDADA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta emendada antedita.

10.b.3. MOCIÓN REATIVA AOS DEREITOS DOS NENOS E NENAS E A POBREZA ENERXÉTICA

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21 e DI nº 36.032.724-Q concelleiro nacionalista da Corporación Municipal de Gondomar presenta para o seu debate e aprobación se procede a seguinte MOCIÓN DE URXENCIA:

SOBRE OS DEREITOS DOS NENOS E NENAS E A POBREZA ENERXÉTICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Orixinariamente o concepto de Pobreza Enerxética foi definido no Reino Unido na década dos 90 como a "incapacidade (para un fogar) de obter una cantidade axeitada de servizos da enerxía polo 10% da renda disponible". Se ben é certo que normalmente o concepto de pobreza enerxética asociase ao uso de enerxía para calefacción, a realidade é que cada vez influen con máis incidencia outras demandas enerxéticas como son os electrodomésticos, o alumeadoo, a auga quente, etc.


Coa tarifa eléctrica descontrolada dende que comezou o sistema de subhasta, os efectos da pobreza enerxética xa alcanzan a máis do 10% da poboación do Estado Español. Un problema incrementado nos últimos anos que afecta a milleiros de persoas que se ven incapacitadas para pagar o recibo da luz ou a factura enerxética en xeral.

O máis grave de todo isto é que estamos diante dun problema de pobreza oculto, xa que o mesmo prodúcese a nivel doméstico. É un problema difuso e disperso que lle custa moito recoñecer ás familias afectadas.

A pobreza enerxética ten como causas principais tres factores: o primeiro o baixo nivel de ingresos das familias debido á crise e ao paro, o segundo o avellementamento das vivendas e das súas instalación carecendo de ningún criterio de eficiencia enerxética, e o terceiro factor o prezo da enerxía que nos últimos cinco anos sufriu un incremento do 50%. Segundo a Asociación de Ciencias Ambientais e atendendo a eses tres parámetros, o incremento da devandita pobreza enerxética podería sufrir un incremento superior ao 15% neste ano de 2014.

Malia a dificultade de cuantificar este fenómeno pola ausencia de estatísticas oficiais, diversos estudos evidencian que a pobreza enerxética vai en aumento. O último informe do Observatorio da Vulnerabilidade da Cruz Vermella, indica que aproximadamente o 58% das persoas atendidas por esta Institución durante o ano 2013 tiñan problemas para manter a súa casa a una temperatura axeitada, un 16% máis que no ano 2011. Outro dado importante deste estudio di que unha de cada tres persoas non poden pagar os subministros básicos como a auga, a luz ou gas. No ano 2012 cortáronlle o subministro eléctrico no Estado Español a 1.400.000 fogares por non facerlle fronte ao pago dos recibos.

Podería seguir citando exemplos deste tipo que botan por térra as optimistas previsións do Goberno que día si e día tamén nos repite o mantra da recuperación económica da saída do túnel, dos brotes verdes, etc.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Un discurso tramposo que o único que fai é ocultar áinda máis este tipo de pobreza recluíndo a nos fogares e que teñen como principais vítimas os nen@s. Supón que disto poderían dar boa conta as traballadoras sociais dos concellos do País, así como da impotencia para resolver os casos máis urxentes debido aos recortes de todo tipo.

Velaí o obxectivo desta moción, dirixida a paliar una pequena parte das necesidades enerxéticas de moitos fogares do noso Concello, onde moi@s nen@ non poden atender convenientemente as súas tarefas escolares ao careceren de acceso a internet, ou a algo tan básico coma a posibilidade de imprimir os traballos escolares, etc . Por todo isto propón ao Pleno a aprobación do seguinte:

O Pleno da Corporación Municipal de Gondomar insta ao Goberno Municipal para que de acordo cos departamentos municipais de igualdade, educación e cultura; Consello Municipal de Educación; ANPAS dos colexios públicos e IES; e as propias directivas dos devanditos centros escolares, á elaboración dun plan de actuación para que nas bibliotecas públicas e dos centros escolares, no Centro Neural, e incluso onde for posible nos propios Centros Culturais e Veciñais das parroquias, se habiliten espazos con todo o necesario para que o alumnado de Gondomar poida acceder libre e gratuitamente ás ferramentas informáticas: internet, ordenadores, impresoras, etc, para que os seus estudos non se vexan prexudicados por mor da pobreza enerxética antes explicada.

DELIBERACIÓN

Sr. Araujo: Grazas alcalde, ben eu sigo un pouco na miña liña de últimamente, de traer a esta Corporación problemas que inda que parece que están moi lonxe pois aféctannos a moitos de nós e dende logo a moitos veciños e a moitas veciñas do noso Concello e aféctannos ademais dos cantos de serea ou dos anuncios propagandísticos do Goberno que segundo eles pois xa parece que está todo isto resolto, que xa hai traballo, que saímos do túnel, etc., etc., pero a realidade que é moi teimuda indícanos que a crise segue estando aí, os recortes seguen estando aí, cada vez peor, recortes de todo tipo, incluso en dereitos e tamén todos estes recortes e todos estes problemas están creando desgrazadamente novas formas de pobreza, novas formas de pobreza que empezan a ser estudiadas e que antes non as había e que incluso poden chocar un pouco as definicións pero realmente é así, hoxe imos falar dunha delas en concreto que é a que agora chaman a pobreza enerxética e ten que ver nin más nin menos con que a xente non ten cartos para pagar a luz, para pagar a calefacción, para pagar o teléfono, incluso para pagar a auga que beben, porque claro cunha pensión non contributiva de 400 euros pois xa me dirán vostedes, ou comes, malamente, ou pagas a luz, pero tamén como sempre este tipo de pobreza enerxética afecta sempre aos máis débiles do eslabón da cadea que neste caso son os máis pequenos, os nenos, as nenas, que é onde eu vou centrar hoxe a cerna desta moción, como dato direille que me parece que era onte, morrían, me parece que era aquí na costa, dúas persoas por respirar CO₂ por unha mala combustión dunha cociña de leña, pero estamos vendo durante este inverno a cantidade e cantidade de xente que morreu por esta historia, incluso por incendios, porque claro como non podes pagar a calefacción eléctrica ou de gasoleo pois enchufas a estufa de leña ou o braseiro e pasan estas cousas, polo tanto esta non é unha moción inventada nin moito menos, nós detectamos este tipo de problemática no Concello de Gondomar e se vostede fala coas traballadoras sociais e coa concelleira supón que terá esa información pois verá coma iso que lle estoy dicindo non é un invento meu, desgrazadamente, non é un invento meu.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)


O concelleiro D. Xosé Antonio Araújo Quintas procede a ler a moción arriba transcrita.

Sr. Ferreira: Grazas alcalde, o Goberno non ten nada que matizar sobre esta moción?, primeiro dicirle, posiblemente sexa un erro pero a moción esta é unha moción de urxencia ou é unha moción non de urxencia, primeiro, se é de urxencia habería que votar a urxencia e deixala para o final...

Sr. alcalde: Non, non é de urxencia.

Sr. Ferreira: Non, non, dicía porque eu como tamén teño unha de urxencia, déixoa para o final senón tamén a meto, entón, ben, aclarado este tema, a min esta moción por suposto que me parece ben, o que pasa que tamén teño que decir que son destas mocións que me parece un binde ao sol pero que se quedan aí, por que?, ao mellor é deformación profesional pero claro, elaborar un plan de actuación pero sen embargo nada di en que tempo, déixao sine die, entón o Goberno pode coller e decir, pois xa o faremos e que o fagan os que veñan que para o que nos queda dentro, por exemplo, cando ao mellor habría que matizar, había que pórle data un pouco ao plan de actuación porque senón estámoslle deixando unha porta aberta ao Goberno para que se non queren facelo non o fagan, eu sei que o van facer porque non dubido deste Goberno nin da súa capacidade de compromiso, pero bueno, despois tamén hai outra cosa que me chama a atención que di, en cada actuación para levar a cabo o das bibliotecas públicas, centros culturais e veciñais e aí xa me entra a primeira dúbida, vai o Concello a dotar de medios aos centros culturais para que teñan ordenadores, impresoras, toner, papel, bolígrafos, etc., ou cada concello, comunidades de montes, veciños se buscan a vida e o Concello, non hai esa vinculación e esa obligatoriedade?, é como, os centros culturais van colaborar pero que se busquen eles a vida cando aquí hai subvencións que inda non lle deron, entón tamén volve a parecerme así moi happy isto. Hay outro matiz na moción que di : "todo aquilo que sexa necesario para que os alumnos de Gondomar poidan acceder", que vai pasar se vén un alumno de Baiona, imos fazer unha discriminación entre alumnos, entre nenos e nenas, imoslle pedir o carné a ver se pode entrar ou non pode entrar, vostede é de Vilaza, vostede de Morgadáns, outra sería que podemos ter aí, acceso libre, gratuito, internet, ábreseme outra dúbida, o acceso a internet vai a ser libre, a través de wifi, cando aquí temos casos, aos preferentistas non lle deron acceso a internet no Concello porque iso podería ser motivo de poder entrar na base de datos do propio Concello e entón, digo eu, temos outro matiz aí se queres xurídico, de protección de datos onde claro, os centros culturais están na obriga de dar a súa wifi, bueno, e ante todo esto, todos estes matices, só nos queda unha cousa ao Partido Socialista respecto a isto, adoptar compromisos, que para iso estamos aquí, entón, é, ou pórle peros a todo, abstirse, votar en contra, ou cerrar os ollos e pensar no ben común, nese brinde ao sol e que sexa o que deus queira e bueno, como progresistas que din que somos e que cremos ademais que somos, imos apoiar a moción pero vaia por diante con moitos matices xurídicos e con moita problemática engadida de calado grosso como afección a dereitos fundamentais, discriminación, etc., isto fai que cando fagamos o plan de actuación imos ter que actuar e programar moi ben o que temos que fazer, grazas, o noso voto vai ser a prol.

Sr. Araujo: Bueno, a ver eu non quero polemizar aquí con Paco pero simplemente dicirle unha cousa, se eu fose do Goberno xa non viría con esta moción, traería o plan feito, claro, pero como non son Goberno teño que traer una moción e comprometer ao Goberno para que se comprometa a elaborar ese plan, e entón aí veremos como sae e todas as dúbidas se aclararán, entendo eu, e en todo caso como dentro dun mes hai pleno outra vez pois eu seguirei fiscalizando o Goberno se é que o fai ou non o fai, puiden poñer un prazo, acotar isto no tempo pero eu entendo que mínimo un mes para facer isto por iso non puxen prazo, se no seguinte mes non está feito pois falaremos do asunto, ese é o tema Paco, non hai máis, a min non me toca aquí nesta Corporación vir a facerlle o traballo ao Goberno, só faltaría, só faltaría, entón que o fagan eles e eu simplemente lle digo que o fagan, e ademais lle digo que para facelo pois que se poñan en contacto con toda esta xente, directores dos colexios, dos institutos,





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ANPAS, Federación de ANPAS, Consello Municipal de Educación que sería o órgano onde probablemente ten que estar todo isto aí dentro, xa non fai falta falar con máis ninguén, e se é o caso, porque non?, entidades veciñais e centros culturais das parroquias e aí pois hai ferramentas, incluso nos propios colexios tamén. Seguramente quedáronme organismos e posibilidades atras, ben, pois que se vexa todo isto, eu xa digo, se quixera facer un plan pois traeríao feito se fose Goberno, podería traelo tamén non sendo Goberno pero sinceramente paréceme que non me toca a miñ facer ese traballo, non?, entón que o faga quen o ten que facer, que o presente aquí e logo falamos, nada máis.

Non habendo más intervencións sométese a votación esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA EMENDADA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

10.b.4. MOCIÓN RELATIVA A CORTES SUBMINISTRO ELÉCTRICO NA PARROQUIA DE COUSO.


MOCIÓN:

A problemática do suministro eléctrico do Concello de Gondomar ven de lonxe. E a pesares das melloras realizadas ao longo dos últimos anos, producto das mobilizacións das veciñas e veciños, aínda queda un longo treito para que o suministro eléctrico adquira unha situación de normalidade e de equiparación de calidade e prezo que os usuarios demandan e aos que teñen dereito.

Nos últimos meses varias parroquias se viron afectadas por diversos cortes de electricidade. As parroquias de Peitieiros e Couso foron as más afectadas.

So a modo de exemplo a veciñanza ten rexistrado as seguintes incidencias: días 24, 25 e 26 de decembro, 4, 5 e 22 de febreiro, 9, 10, 11 e 14 de febreiro. Interrupción do suministro que foi, neste casos, sempre superior ás tres horas.

Na parroquia de Couso, a estes cortes de suministro se suma o escandaloso estado da liña. Actualmente o cableado está no chan, xusto por onde pasa o roteiro dos muíños, cun perigo potencial de producirse un accidente ou calquera outra incidencia.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
[Pontevedra]

fotos ao seu paso polo lugar de Candal). Descoñecemos se este cableado está activo ou non pero xunto cos cables de aceiro situados case a nivel de solo supoñen unha situación de risco evidente.

Incumprindo a Lei 17/2007, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade. Así como o Real Decreto 661/2007, de 25 de maio, e os procedementos de operación correspondentes, así como, no non previsto nos anteriores, as exixencias previstas na regulamentación vixente, en particular, o Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado por Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, o Regulamento sobre condicións técnicas garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, aprobado por Real Decreto 3275/1982, de 12 de novembro, e o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado por Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro.

Por todo o anteriormente exposto solicito, previo o seu debate, a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar ao Sr. Alcalde para que inicie conversas coa empresa subministradora co fin de soterrar a devandita liña, para unha maior seguridade e calidade no servizo de suministro eléctrico.

DELIBERACIÓN

Sr. del Río: Grazas Sr. alcalde, esta é unha moción referida aos cortes de subministración eléctrica que se veñen producindo dende hai dous ou tres meses, basicamente que están afectando a todo Gondomar pero que teñen especial incidencia nas parroquias de Peitieiros e de Couso, evidentemente a problemática da subministración eléctrica do Concello de Gondomar ben de bastante lonxe, verdade?, e sabemos de todas as movilizaciones, recollidas de sinaturas e manifestacións que tivemos que facer para que se mellorara ese efecto que esta subministración eléctrica mellorouse, que se colocaron novos centros de transformación, que se cambiou algunha que outra liña pero resulta bastante evidente que dende hai tres meses lévanse producido cortes e cortes significativos, a modo de exemplo, na parroquia de Couso, segundo os datos que son recollidos polos veciños e veciñas afectadas produzionse



Concello de Gondomar
SECRETARIA




Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

incidencias o 24, 25 e 26 de decembro, o 4, 5 e 22 de xaneiro, o 9, 10, 11 e 14 de febreiro e estes cortes afectaron normalmente cunha duración superior ás tres horas, vostedes teñen aí no expediente correspondente a moción, algunha das fotos sacadas respecto da liña, como está a liña tirada materialmente, tirada materialmente polo solo, cos postes tamén rotos e tronzados e que isto evidentemente supón un perigo moi contundente, estamos falando dunha liña de media tensión, non sabemos se esta liña está activa ou non o está, aquí hai dúas liñas, unha está reforzada e cuberta e outra é de aluminio e calquera persoa que pase nestes momentos por aquí ou se lle ocorra simplemente pasear ou andar a cabalo ou simplemente facer algunha xamaicada pode quedar no sitio tranquilamente, polo tanto non parece de recibo que unha liña de media como está aquí pois esta nas condicións que atestiguan as fotos coas que acompaña a moción, non cumple evidentemente ningún dos regulamentos ou leis sobre as condicións técnicas e garantías de seguridade nas liñas eléctricas, polo tanto imos solicitar una acordo deste Pleno para instar ao Sr. alcalde para que fale coa empresa subministradora co fin de soterrar a liña. Evidentemente o soterramento da liña terá un maior custo pero evidentemente redundará na calidade do servizo, na seguridade do servizo e sobre todo nas intervencións da subministración eléctrica porque evidentemente as incidencias de árboles e demais historias dunha liña aérea a unha liña soterrada pois é evidente e este é o acordo que propoñemos: que o Sr. alcalde fale coa empresa subministradora e se proceda a soterrar a liña, grazas.

Sr. González Camesella: Boas noites, Sr. del Río, vaia por diante que o noso voto ante todo vai ir a prol da súa moción, pero bueno, inda que tamén lle quero dicir que o que vostede propón no seu acordo xa se fixo, todas as incidencias que houbo do corte de subministración en Couso e parte de Peiteiros foron todos na mesma zona, ou sexa, a avaría foi na mesma zona e todas foron por caídas de árbores, que eu teña constancia catro, entón a solución pola que optou Fenosa para que non se seguiran producindo estas avarías foi anular a liña aérea, esa liña que vostede ve de cable nu que está no chan está anulada, non ten subministración e instalaron unha liña provisional no chan de cable enfundado, o que eles lle chaman cable seco, ou sexa, que non ten ningún risco, que se pode tocar, ben, iso segundo técnicos de Fenosa, eu loxicamente confío neses criterios técnicos, non teño ningún motivo para desconfiar deles e bueno, agora mesmo Fenosa está barallando dúas posibles solucións para esa zona, están barallando unha das opcións que sería reforzar as torres e reforzar o cableado para que tivesen un maior soporte digamos co impacto dunha árbore ou tamén están estudando a opción de soterrala. Eu estou totalmente de acordo con vostede que opción de soterrala sempre é a mellor tecnicamente, iso está clarísimo, unha liña soterrada sempre vai dar moitos menos problemas e avarías que unha liña aérea, por moi reforzada que esté, iso é evidente, pero claro, aí ben o dicía vostede, o custe é moi distinto, pero bueno, xa lle digo, Fenosa está barallando estas dúas opcións, a opción de soterrala estana barallando agora mesmo, inda non tomaron unha decisión e dende logo nós intentaremos forzar, ou intentaremos, solicitaremos que loxicamente esa liña, xa que teñen que reparala que opten por soterrala, inda que bueno iso leva un procedemento que terán que facer un proxecto, solicitar licenza, etc., etc., pero bueno, sería loxicamente a mellor opción e nós estamos totalmente de acordo e por iso imos votar a prol. Grazas.

Sr. del Río: Ben, grazas ao concelleiro polas súas explicación, é bo que xa estean diante do tema pero perocúpame o asunto de que a liña esta de aluminio, que non está reforzada ou que non ten recubrimiento que esta digamos sen subministración eléctrica pero tal e como pode observar nas fotos, iso está a media altura, é dicir, que calquera día pódese producir un accidente tanto para unha persoa como para o gando, etc., etc., é un perigo e a outra liña que está digamos recuberta, evidentemente ti podes tocala e non pasa nada pero poden pasar más cousas polo tanto estaría ben, estaría ben que esa liña digamos que se tomara unha decisión canto antes porque esa liña polo monte tal como está agorade un risco potencial, de todas formas agradézolle as súas explicacións, grazas.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. González Cameselle: Sr. del Río, estou de acordo que claro, non está da mellor maneira que debería de estar, de ningunha das maneiras pero foi unha situación de urxencia para que non se cortara a subministración e dende logo unha situación provisional, esperamos, xa están traballando, a contrata de Fenosa xa está traballando no lugar, derramando todo o posible e esperemos que se solucione no tempo máis curto. Nós estaremos de todas formas, eu personalmente seguirei encima deste tema e buscaremos a mellor solución e presionaremos por ela. Gracias.

Non habendo máis intervencións o alcalde somete a votación esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA EMENDADA

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a proposta antedita.

10.b.5. MOCIÓN DE URXENCIA. Comparecencia pública do alcaldel presidente desta Corporación SR. Guitián.

D. JUAN FRANCISCO FERREIRA GONZALEZ, na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Gondomar, comparece e como mellor en derecho proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

Tivemos coñecemento polos medio de comunicación e por outras fontes que o alcalde de Gondomar, o popular Fernando Guitián foi IMPUTADO polo Xulgado de Instrucción N° 7 dos de Vigo, por un presunto delito de PREVARICACION ADMINISTRATIVA, parece ser que pola contratación directa e irregular dunha empresa para o mantemento de espazos verdes e xardinería do concello de Gondomar.

Dado que dita imputación é publica e notoria, e por tratarse do alcalde, o noso alcalde de Gondomar e polo tanto cargo público e representante dos veciños e vecinas de Gondomar,



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

estamos, nos a oposición na labor de control e fiscalización do goberno, na obriga de pedirlle que nos dé as oportunas explicacións o respecto.

En outros casos, ben en concellos limítrofes como en alcalde implicados, directa ou indirectamente en asuntos tan lamentables como os que nos ocupan, o alcalde, indistintamente do cor que sexa convoca a lo menos A XUNTA DE VOCEIROS para darralles explicacións, o dá unha rolda de prensa, etc. O que non é de recibo e MANTER O NON POR RESPOSTA....

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

A comparecencia pública no próximo Pleno Ordinario do Alcalde- Presidente da Corporación, Fernando Gutián Gutián para que explique a súa imputación como alcalde desta Corporación sobre o delito de PREVARICACION ADMINISTRATIVA pola contratación do servizo de mantemento e limpeza de xardíns municipais, instruído polo Xulgado de Instrucción nº 7 de Vigo.


Sr. Ferreira: Grazas, este grupo ten unha moción de urxencia para levar a cabo se procede o seu debate, eu se quere xustifícole a urxencia, dígolle de que versa para sometela a súa preceptiva votación.

Sr. Alcalde: Non temos ningunha moción nin nada.

Sr. Ferreira: Bueno, as mocións poden ser incluso verbales, non ten porque tela (escoítase falar fóra do micrófono), bueno, eu téñoa aquí pero ese non é o problema, é dicir, como se quero facela verbal, bueno, hai unha para cada grupo, conto cinco grupos, perdoade, pero vou a explicar claramente en que consiste esta moción, o alcalde así que lea o encabezamento desta xa lle salta o chip e sabe de que vai porque empeza dicindo: "Comparecencia pública do alcalde-presidente desta Corporación Sr. Gutián no próximo Pleno", entón, ben, que pedimos, primeiro, xustificarei a urxencia, a urxencia é primeiro que por circunstancias de axenda, etc., etc., non tivemos tempo a presentala no prazo indicado polo tanto traémola aquí pola vía de urxencia, por que cremos que esta moción é urxente, pois mire, por unha cousa moi sinxela, estamos vendo nos medio de comunicación, prensa, etc., e chéganos por outras fontes de que o noso alcalde, o alcalde de Gondomar, o alcalde de todos os veciños e de todas as veciñas e por desgraza inda que eu non o votei pudo asegurarvos, o meu alcalde, o meu alcalde tamén, vemos nos medios de comunicación alcalde, que o noso alcalde deste Concello está imputado, está imputado nun delito, presunto delito de prevaricación administrativa polo Xulgado de Intrucción n.º 7 dos de Vigo, vemos que nos de (escoítase falar ao público), Sr. alcalde podo...

Sr. alcalde: Siga, non lle quitei a palabra, siga vostede.

Sr. Ferreira: Xa sei que non me quitou a palabra pero que non podía seguir porque





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. alcalde: Xustificou a urxencia?

Sr. Ferreira: Home, iso terá que dicilo vostede que é o presidente da Corporación e ten que sometela.

Sr. alcalde: Pero rematou a xustificación da urxencia?

Sr. Ferreira: Ben, está xustificada, votamos pois, xa lle vou diciendo eu, veña, votos a prol da urxencia? (Escóitanse risas do público e do Sr. Ferreira).

(Prodúcese interrupción do son no arquivo de audio durante uns segundos).

Sr. alcalde: Veña, votemos pois.

O concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias auséntase ás 22:10 h. e regresa ás 22:12 h., non estando presente no momento da votación.

VOTACIÓN SOBRE PROCEDENCIA DO DEBATE DESTA MOCIÓN:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por mayoría dos seus membros presentes (08 votos a prol: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 05 dos/as concelleiros/as non adscritos/as; 08 abstencións: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; e ningún voto en contra) acorda aprobar a procedencia do debate desta moción presentada de urxencia.

DELIBERACIÓN

A concelleira Dna. Paula Bouzós Barros auséntase ás 22:13 h. e regresa ás 22:15 h.

Sr. alcalde: Gracias, gracias, gracias alcalde, se quiere logo fágolle un rogo, se quiere, pero nestes casos, perdón, nestes casos creo eu, cremos nós e deberían crer vostedes, se teñen algo que debater o Gobierno, o normal e que pidan 5 minutos, 1 de receso e así aproveitamos todos, pero se se abre un debate entre o Gobierno para tomar unha decisión e non hai control, o presidente da Corporación diríme isto, para ben ou para mal, téñao en conta para a próxima, digo porque así levantámonos todos 5 minutos e así desta maneira pois non pasa o que pasa. Bueno, aprobada a urxencia desta moción, bueno, o que lle dicía antes, isto non o tome vostede como nada persoal, simplemente, isto é un tema de que é o alcalde de Gondomar e como figura pública e como alcalde inherentes ao cargo leva parello unha serie de cousas, entre elas pois ter que dar explicacións, moitas veces aos veciños de determinados actos políticos, entón nós o que lle pedimos nesta moción é... (o concelleiro Francisco Ferreira pasa a ler a moción arriba transcrita).

Nós, os que estamos na oposición temos unha obriga que o control e a fiscalización, entre outras cousas, do Gobierno, pero os veciños teñen tamén unha obriga que é que o seu alcalde lles diga polo menos "estade tranquilos, que isto é unha ixuria, uha calumnia, estou totalmente...", non quería emplegar a palabra "limpo" porque senón parece que dá a sensación de que lle estou chamando sucio e non é esa a miña intención, non, non, e o digo seriamente, non me río con isto, pero creo que ten unha obriga e a obriga é comparecer, comparecer, mire, hai outros alcades homólogos a vostede, das mesmas filas ou cor político, falamos de concellos limítrofes como o alcalde de Ningrán pola imputación dun concelleiro e o que fixo foi, canto menos, convocar a Xunta de Voceiros e darriles explicacións ao respecto, á parte dunha rolda de prensa e demás, nós cremos necesario alcalde, por todo, por transparencia, incluso para o seu ben e o do seu partido que vostede publicamente compareza e nos diga canto menos que hai detrás desa imputación ou presunto delito de prevaricación administrativa,





Pza. Dr. Latino Salgueiro, I
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

porque tamén nos chama a atención a súa tranquilidade, a súa calada por resposta e o activo funcionamento da empresa X que segue desenvolvendo os traballos como se aquí non pasase nada e que lle seguimos pagando mes a mes con cartos do erario público, o tema é preocupante, non se nos ocorrería a nós nas nossas casas, canto menos que un día chegássemos alí e a nosa parella se decatara polos medios de comunicación ou pola prensa de que estamos imputados e que non nos preguntara canto menos..., bueno, hai unha que non pregunta que é a princesa, esta nunca pregunta nada, pero no caso noso preguntaría non?, esto, que pasou?, nós neste caso pois tamén que menos que pedirlle ao noso alcalde que nos diga. (O concelleiro remata de ler a moción).

Por engadir algo debería pór "presuntamente" antes do delito de prevaricación, que me quedou atrás, pero por aquilo de que, como ten que ser evidentemente, enténdase "polo presunto delito", que vostede explique, ten un mes ademais para facelo, eu creo que non lle inflúe para nada a súa declaración ante o xuíz porque aquí non lle estamos pedindo que entre polo miúdo en detalles que a xuíza lle pode preguntar ou non, aquí canto menos ten que facer unha comparecencia pública dicindo o que teña que dicir políticamente, non sei, e cada un que aguante o seu.


Non habendo máis intervencións o alcalde somete a votación esta moción.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria y por maioria dos seus membros presentes (09 votos a prol: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as; 08 abstencions: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; e ningún voto en contra) acorda aprobar a moción arriba transcrita.

c. Rogos e preguntas

Sr. Ferreira: Grazas, vou empezar por, bueno, preguntas, rogos, dá igual, depende como se fagan e como se entonen, transfórmanse dunha maneira ou doutra. Primeira pregunta: denunciou este Goberno o contrato de GESECO?, denunciou o contrato?, denunciou GESECO o contrato con este Goberno?, segunda pregunta, terceira pregunta, hai denuncia sobre o contrato de GESECO e o Concello por terceiras persoas, etc., hai denuncia ou non hai denuncia?, cuarta pregunta, vai seguir GESECO co servizo de recollida de lixo do Concello?, outra pregunta, sabemos ou sabe quen é o responsables dos verquidos de cascotes e demais en determinadas zonas de Gondomar, falemos da parroquia de Vilaza, barrio de Pego Negro, parroquia de Vilaza, barrio de Vendas?, os cascotes xa lle adianto eu por se hai dúbidas e entramos nese debate, son os entullos da obra da Casa do Emigrante, non dá lugar a dúbidas nin nada, ou sexa, dígollo eu e sábeo, vamos, eu creo que o sabe todo o mundo porque están os grafitis nas paredes e todo o demais, só falta que poña allí..., e tamén me pregunto, alcalde, non pode ser tan difícil que alguén que tira unha casa abaxo, unha empresa contratada por este Concello, que traslada eses cascotes nun camión que aparecen nun determinado sitio, saber quen foi, entón eu pregúntolle, vostede entrou en conversacións coa empresa responsable da retirada dos cascotes para preguntarlle sobre a súa responsabilidade ou canto menos se foron eles ou non, iso é o mínimo, segundo, a Policía Local está na liña de investigación dentro da policía administrativa e as competencias que ten en materia medio ambiental, etc., etc., para levar a cabo o esclarecemento destes feitos, ordeouelle vostede aos efectivos especificamente, concretamente que fixeran investigacións tendentes ao esclarecemento dos feitos?, vale. Fágolle outra pregunta que lle afecta ao seu Goberno e ao seu socios de Goberno e que pode ter consecuencias incluso de organización e funcionamiento desta Corporación, por iso lle fago esta pregunta, sabemos que recentemente, o seu socio de Goberno está baixo as siglas dun partido chamado CDL, Centro Democrático Liberal que recentemente acaba de desaparecer e integrarse dentro doutro partido que se chama Cidadáns, que non sabemos moi ben se representa a Cataluña ou a Galicia, España e






Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

demais pero entón desaparece o CDL e desaparece como tal o Grupo político do CDL e ten consecuencias para estes dous concelleiros que queden sen partido, pasan aos non adscritos, matízollo, pasan aos non adscritos non pasan aos non adscritos, como queda iso, van ter dereito a designación das axudas ou das achegas como grupo político, isto debemos aclaralo por se tivera consecuencias de funcionamento de organización desta Corporación, non deixo de esquecerme e non é demagogoxía, cada vez que mira algúns afectados do tanque de tormentas por aquí, lembrarlle unha vez máis, que actuacións se están a levar a cabo co tanque de tormentas, en que fase está, vai vostede a selar o burato, vano valar, que nos explique a situación en que está. Eu lle fago unha pregunta, gustaríame que fose vostede explícito na súa contestación, pídolle ademais encarecidamente que o faga así, e verá por que, no seguinte Pleno traerase algo ao respecto, gustaríanos que nos dixeran, que nos emitirá un informe, que nos contestara á pregunta que lle vou facer dunha maneira detallada, interésanos saber cal é o gasto en carburantes dende a data de hoxe a catro anos para atrás, explícame, catro anos para atrás e o que podemos reclamarlle a Facenda sobre o cobro indebido do imposto de céntimo sanitario, o Concello como ente xurídico e como administración ten unha contabilidade moi marcada, é dicir, todo o gasto de carburante que se levou a cabo polos vehículos do parque móvil deste Concello, está reflectido e inventariado en Intervención, interesa a esta parte saber canto se leva gastado en carburante nos últimos catro anos e que se especifique ademais en gasolina e en gasóleo, porque o imposto de gasolina tiña un incremento do 2,4 e o do gasóleo un incremento de 1,2, cal é a finalidade, e eu vou traer unha moción posiblemente, posiblemente para a próxima, esixíndolle se pasa o Concello de Gondomar, que reclame o imposto do céntimo sanitario que nos quitaron a todos dos últimos catro anos que podemos facelo, hai esixencias, catro anos atrás, que existan facturas, teñen que existir, só faltaría que no Concello non as houbera, e entón imos a reclamarlle ese céntimo sanitario, se facemos un cálculo máis ou menos de que o Concello gasta mínimo 300.000 euros en carburantes ao ano, e demais, están contabilizados, podemos recuperar moitos cartos e queremos que se recuperen ademais cun fin, para emerxencias sociais e para sanidade, entón eu quero que o Concello se persone, que presente unha demanda en vía xudicial e que reclame ese céntimo sanitario ao Sr. Feijoo, que foi o que o puxo, e que este que llo reclame ao Sr. Montoro se quere pero os cartos que nolos devolva, ben, entón para levar a cabo esa moción e demais e para poder reclamarlle fainos falta primeiro contabilizar o gasto de carburante dos últimos catro anos que ten que estar ademais acreditado e eu unha vez que me dese os datos poríame a traballar con eles, estou pensando moi seriamente incluso se o Concello non o fai, entabalar accións legais para poder facelo a través dos medios que sexan, ou a modo particular ou como sexa, pero hai que recuperar os cartos. Vai o Concello nalgún momento a repor, ou ten pensado, o cableado do alumeadío público que falta dende hai máis de 3 anos do tramo do Centro cultural de Vilaza, eu creo que levamos anos niso, é cuestión de sabelo porque máis que nada entón, cando a xente te pregunte, os veciños te preguntan pois xa lle dis algo claro, mira non o van facer, vai ao Concello a protestar, non me protestes a mi, iso é o primeiro, mire, dígolle, o mes pasado fixen unhas preguntas... no Pleno pasado, e a verdade, eu xa lle dixen nalgún momento que as coleccióno porque son curiosas, non?, as respuestas, más ambiguas imposible, pero obrígarme a ter que facerlle segundas preguntas sobre as preguntas, primeiro unha que me chama a atención, mire, eu preguntáballe, a pedra que se sacou do Parque da Coelleira, muro de contención, para onde foi, onde está colocada, e vostede me contesta, atópase acopiada pendente da súa reutilización, eu preguntáballe onde estaba, para onde foi, en Morgadáns, en Peitieiros, para a casa de alguén, para a miña... é que lle preguntaba, a pedra ten que estar fisicamente nalgún sitio apoiada, non lle preguntei se estaba acopiada, amontoada ou se estaba en fila, díxelle onde estaba, iso unha e despois onde está colocada, entón, que está acopiada, bueno, pregúntolle novamente, en que lugar fisicamente está a pedra, e se está allí con que finalidade e por que se levou para ese sitio, preguntas concretas, vale?, bueno, cando lle pregunto por determinadas limpezas de bellarrúas e todo o demais, dime vostede que iso son da Deputación e que non é cousa do Concello, así nos vai, grazas.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

Sra. Francisco: Ola, boas noites, eu teño un rogo e varias preguntas, un rogo: que se manteñan as beirarrúas de acceso ao CDL en perfecto estado de limpeza, e non se vai poñer unha tirita onde hai un socavón porque o día menos pensado alí hai unha desgraza, que caia unha persoa e non se ve nada, non hai un punto de luz, e si tamén me gustaría que o acceso a este fose pechado cuns valos, se non se pode pasar co coche estupendo porque hai coches de tránsito de camións, se retrinxe de todo o acceso moito mellor, si, xa sei que está contestada Sra. Natalia, pero mire, voulle dicir unha cousa, efectivamente vou a clases de inglés e a semana pasada estaba toda enlamada e unha señora que la diante case se cae por iso lle digo que non poñan unha tirita onde hai un problema, nada máis. Despois teño varias preguntas: o número de vivendas que hai no Concello destinadas a ocupación de profesores, as desocupadas en que situación de habitabilidade están; outra pregunta, a colocación de marquesiñas, pedín ao principio da miña legislatura pedín dúas marquesiñas, unha en Peitieiros na altura do coleixio que está colocada, outra en Piñeiro que non está, eu solicito que me digan no prazo que se van poñer, outra, en Fonte, arriba, tróuxena fai pouco, incluso se recollerón sinaturas, tamén quero saber o prazo de execución da colocación desas marquesiñas porque as mociones están aprobadas; a rúa Cruz de Mera, efectivamente, hoxe pasei e están as beirarrúas postas pero hai que ter coidado porque hai unha oficina postal con acceso a moita xente e é difícil o acceso a estas, entón gustaríame que tamén se sinalizaran e que o prazo de execución fose o más rápido posible porque preguntei no outro Pleno e di que efectivamente, eu entendo, debido as inclemencias do tempo solicitouse prórroga, pois eu pregúntolle a vostede canto tempo de prórroga se solicitou para que non se demore tanto. Nada máis, grazas.

Sr. Gómez: Imos ver, eu teño unha pregunta, xa a fixo aquí o Sr. Ferreira pero como non as contesta individualmente, el fíxoa dividida, segregada, eu vou facerlla enteira, imos ver, o outro día no anterior Pleno aprobouse a recollida do lixo, a adhesión á Deputación, para facer un contrato global e todo iso, imos ver, este contrato que tiñamos con GESECO foi aprobado e iniciado o 10 de maio do 2001 por 10 anos e prorrogable ata 25 en trienios, isto terminou o 9 de maio do 2011 onde o anterior Goberno prorrogouno 3 anos, e agora termina o 9 de maio deste ano que estamos, isto o pon no contrato, tres meses antes, como mínimo tres meses, hai que denunciar o contrato, hai que denunciar o contrato, a data límite era o 9 de febreiro, nós tivemos o Pleno aquí o día 6 de febreiro, temos ata o 9, se non se fixo antes quería saber se se denunciou ese contrato ou se se tomaron as medidas pertinentes para que o día 9 de maio quedemos liberados totalmente de SOGAMA, nada máis, moitas grazas... Perdón, de GESECO, perdón.

Sr. Costas: Eu quería pregaruntar, imos ver, se existe o informe, tanto de Secretaría como de Intervención sobre o contrato con EPTISA que foi presentado na moción do mes pasado. Outra pregunta, é a mesma que formulou o compañeiro Paco, en que situación se atopa despois dun ano paralizado a famosa foxa séptica. Pregunto por unha relación de horas extras pagadas a cada funcionario do Concello correspondente ao ano 2013, tamén unha relación de horas extras pagadas a cada funcionario deste Concello dende o 1 de xaneiro ata o día da data. E outra pregunta é por que o Sr. alcalde pasa gastos de locomoción e quilometraxe á Mancomunidade, xa non digamos á Deputación tamén. Nada máis.

Sr. Araujo: Grazas alcalde, mire eu hoxe tiña pensado facerlle bastantes preguntas e algúns rogos pero non llas vou facer, vounas concentrar todas nun rogo porque total, visto tamén para o que valen, en fin, a min preocúpame moito, aquí hoxe falouse deste tema cunha certa frivolidade pero case, e a min iso realmente preocúpame como membro desta Corporación e sobre todo como veciño de Gondomar, é un tema serio, eu xa sei que no seu partido, no Partido Popular hai moitas varas de medir, segundo sexas alcalde de Santiago de Compostela ou concelleiro inmigrante, ou alcalde de Gondomar, e isto hai que dicilo, vostede non vai poder escapar desta problemática mentres estea aí sentado, sínto por vostede, pero non vai poder escapar dela. Ben, o meu rogo é, que por decoro, por ética e por respeito a esta Corporación e

SECRETARIA
CONSELLERÍA DE
Política Social




Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

aos veciños e veciñas de Gondomar dimita vostede, e non me vale a cantinela... o rolo xurídico, non, non vou entrar eu niso, como se sae vostede absolto, ogallá, mire o que lle digo, non, non, aquí hai un problema político de que vostede, e iso está claro e evidente, vostede usou, ou abusou ou malversou, non sei cal é o cualificativo, cartos públicos de todos os gondomareños dun contrato que é un escándalo, e que estes días segue traballando a mesma empresa como se nada, supoño que este mes lle pasará unha factura que vostede volverá a levantar o reparo e volverá a pagar, verdade?, polo tanto, aquí non hai unha cuestión xurídica, non entro niso, é unha cuestión de ética e vostede debe dimitir, píddolle, róollo, esíxolle en nome desta Corporación ou polo menos dos que teñan a ben pensar coma min e polo ben de Gondomar, por favor, váiase. Grazas.

Sr. del Río: Ben, empezarei coas preguntas e continuarei cun rogo final, gustaríame saber como está o tema do IBI, neste momento cal é a súa situación, cales son as conversas que vostedes tiveron, como está ese expediente de modificación do Catastro; en segundo lugar gustaríame saber si se produciu algunha modificación con respecto ao proxecto inicial do muro este que vai paralelo ao antigo colexio, este muro, dáme medo dicir ante-riadas porque non o teñio nada claro pero bueno, todos sabemos de que falamos, produciuse algunha modificación con respecto ao proxecto inicial aprobado; en terceiro lugar gustaríame saber Sr. Gutián se vostede cobra dietas da Deputación Provincial de Pontevedra como deputado provincial que é, en cuarto lugar gustaríame saber por que se produciu a suspensión provisional da execución do contrato relativo á ampliación do saneamento na parroquia de Couso, Peitieiros, Gondomar e outros; gustaríame tamén saber o seu motivo, más que nada por un criterio de prudencia de por que vostede aprobou o convenio entre o Concello de Gondomar e a Deputación Provincial da delegación de competencias para a recollida de residuos sólidos urbanos e o punto limpo de Gondomar cando ese acordo está pendiente dun potestativo recurso de reposición que se terá que sustanciar no Pleno e ao mellor sería interesante esperar; outra pregunta é: gustaríame saber se os concelleiros do Goberno e de momento non vou dicir os nomes se sinten cómodos ou se sinten facultados moral e eticamente para pasarlle ao Concello, cando se está cobrando unha adicación a esta administración municipal de dietas por valor de 7,65 euros, de 9,5 euros, de 2,75 euros, se custa más o papelame administrativo que o cobro destas dietas, por favor, eu creo que deberían vostedes pensar minimamente que vostedes, que non dubido da legalidade do cobro das mesmas, teñen forza moral e ética para pasarlle ao Concello de Gondomar 2,75 ou 9,5 euros de dietas de quilometraxe; gustaríame tamén saber Sr. alcalde, é unha pregunta que lle fago de forma reiterada, se vai retirar a denuncia contra Xulio Vicente; gustaríame tamén saber se o organismo correspondente, xa pasou tempo dabondo, ten unha nova ubicación para o tanque de tormentas, creo que este é un tema recurrente, falamos nun pleno monográfico, houbo mociones, houbo distintas preguntas, había un estudio, estábbase a estudar unha nova ubicación, se era factible, se non era factible, creo que pasou o tempo suficiente para que dunha vez digan se se vai facer no mesmo sitio ou se xa teñen unha nova ubicación, porque se non a teñen agora non a van topar, non a van topar e o mellor é dicir as cousas ás claras, cando menos dicilas; e despois voulle facer dous rogos: o primeiro é que por favor, e píddolle por favor, prégolle que conteste ás preguntas que se lle fan cun mínimo de honestidade porque se non o que está facendo e faltándonos ao respecto, as súas contestatacóns nada ou moi pouco teñen que ver coas preguntas que se lle fan neste pleno e créame que quedaría vostede mellor non contestándoas que contestándoas da maneira que o fai e para mostra unha contestación ás preguntas que eu lle formulei no pleno pasado, non sei cantas son, poden ser 20, e hai 5 liñas de reposta para todas, para 20 preguntas, pode vostede non contestar e case ata era mellor que faltarnos ao respecto, e despois un rogo, gustaríame a ver se é posible, eu fágollo como rogo, para que se achegue na documentación do pleno os informes de Intervención correspondente aos documentos xustificativos de gastos que veñen a fiscalización polo pleno porque se non obrígamo a pedir eses informes, esperar 5 días, revisar os informes correspondentes a cada factura co cal non da tempo a que esa resolucións de alcaldía poidan estar fiscalizadas no pleno que correpondaría fiscalizar, polo tanto róollo que se é posible e non hai ningún impedimento legal se faia iso. Grazas.





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**CONCELLO
DE
GONDOMAR**
(Pontevedra)

Sra. Varela: Eu teño 3 preguntas: quería saber en que estado se atopa o PXOM que hai moi tempo que non se nos comenta nada disto, sei que o preguntou algún compaño o mes pasado pero como se contestan as preguntas individualmente pois non o sabemos; quería saber tamén cada canto tempo se revisa o mobiliario dos parques infantís porque algún usuario nos ten comentado que hai algún columpio que lle falta algún parafuso co perigo que conleva para os nenos; e teño un rogo, se se nos podería facilitar as memorias do CIM e de Benestar Social do 2013, non digo que teña que ser agora, incluso non me importa en soporte informático, dámelo igual, nada máis.

Sra. Rodríguez Areal: Eu teño un rogo, quería que se revisase ou que se reparase se é necesario na rede de sumidoiros na Xunqueira que pasan por unha finca particular, hai dúas arquetas, non sei se son arquetas realmente, que están botando e vertendo fóra, sobre todo cando chove, neste momento non porque non chove, e logo, no barrio do Castro hai unha bomba que non funciona e está vertendo todo ao río, nada que se revisen e se reparen, grazas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 44 minutos do dia 6 de marzo, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que o mesmo asino, de todo o que eu como secretaria dou fe.

